Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

IV / 2020

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es

ASPECTOS SALIENTABLES

1. Despois da acusada contracción económica experimentada no segundo trimestre do ano, a economía galega experimentou un forte rebote no terceiro trimestre, que se explica en boa medida polo efecto estatístico da caída na base de referencia. Neste contexto, os datos intertrimestrais custa interpretalos e poden resultar enganosos; de xeito que o uso das taxas interanuais resulta preferible. Xa que logo, en termos interanuais, a economía galega presenta unha contracción do PIB inferior á do conxunto de España: -6,2% fronte a -9%. Ao tempo, cómpre salientar que esta caída do PIB continúa sendo máis acusada que a experimentado polo conxunto dos países da Unión Europea e da zona euros (-4,2% e -4,3%, respectivamente), así como das principais economías como Alemaña (-4%) ou Francia (-3,9%).

2. En contraposición ao acontecido nos dous trimestres anteriores, o terceiro trimestre de 2020 caracterízase por unha achega negativa tanto da demanda interna (5,4 puntos porcentuais) como, en menor medida, a externa (8 décimas). O investimento é o compoñente que presenta a maior caída interanual (-9,2%), en tanto que o gasto das familias redúcese un 6,9%. Porén, todos os indicadores presentan unha peor evolución no conxunto de España, agás o gasto das administracións públicas. No que atinxe á demanda externa, o cadro macroeconómico reflicte que, tras unha caída superior ao 23% no trimestre anterior, tanto as exportacións como as importacións presentan un lixeiro incremento (0,9% e 2,4%, respectivamente). Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, cómpre resaltar o espectacular crecemento da automoción, que contribúe a exaxerar a concentración sectorial e xeográfica.

3. Dende o punto de vista da oferta, o aspecto máis destacado é que os grandes sectores produtivos presentan en Galicia un mellor comportamento que no conxunto de España, coa excepción do sector primario. Nos dous espazos, o subsector de comercio, transporte e hostalería e o das actividades artísticas, recreativas e outros servizos mantense como aqueles que presentan unha maior contracción. Porén, o maior diferencial entre as taxas de variación interanual rexístranse no caso das actividades profesionais, con caídas do 4,2% en Galicia e do 13,2% en España. Entre os grandes sectores a contracción menos intensa na economía galega prodúcese na industria manufactureira, cunha caída do 2,7% (4,9% no conxunto do Estado).

4. A pesar da leve mellora da competitividade relativa da economía galega, mantén a súa posición intermedia-baixa na clasificación das CC.AA; sendo este comportamento moi dispar segundo os eixos considerados. En positivo, hai que salientar o capital humano (eixo 3), que presenta un crecemento considerado como intenso, en contraposición co entorno institucional (eixo 4) e a eficiencia empresarial (eixo 6) que caen de forma importante, presentando unha evolución tamén negativa o entorno económico (eixo 1). Entre os indicadores coas achegas máis positivas destaca a evolución da taxa de paro (eixo 2) e o abandono temperá do sistema educativo (eixo 3) en contraposición con aspectos nos que o Foro Económico de

Galicia ven pondo de manifesto como a produtividade e custos laborais unitarios (eixo 6) e o número de patentes (eixo 7). Ao mesmo tempo, Galicia sitúase entre as CCAA coa menor a incidencia relativa do COVID na competitividade rexional.

5. Na conxuntura actual, o indicador que mellor reflicte a evolución da ocupación é o número de horas efectivamente traballadas. Novamente, o axuste do emprego prodúcese en maior medida entre as persoas máis vulnerables: os máis novos, asalariados con contratos temporais traballadores con xornada a tempo parcial e persoas con menor nivel educativo. Asemade, a poboación ocupada redúcese en maior medida no caso das mulleres que no dos homes, así como tanto no conxunto de traballadores por conta propia, especialmente nos empresarios sen asalariados, como nas persoas por conta allea. No extremo contrario, cómpre resaltar o incremento dos asalariados con contrato indefinido e os empregados no sector público. No que atinxe ao desemprego, a taxa de paro en Galicia situouse no 11,8%, tres décimas máis que no ano anterior, situándose esta porcentaxe no 16,3% no conxunto do Estado. Como aspecto positivo, cómpre insistir na importancia do descenso do número de persoas en situación de desemprego de longa duración (5,3% respecto ao mesmo período do ano anterior), de xeito que o número de persoas nesta situación de desemprego representa o 37,1% da poboación parada total, a porcentaxe a máis reducida nun terceiro trimestre dende o ano 2009.

6. A estatística de fluxos de entrada e saída do mercado de traballo, amosa unha importante medra da entrada de efectivos na actividade, que acada o valor mais alto nun terceiro trimestre dende a recuperación económica. O saldo neto dos fluxos de persoas en relación á actividade elévase ata os 33.500 efectivos, como resultado dun incremento do saldo neto dos fluxos relativos á ocupación, que se sitúan en 30.800 efectivos, o máis elevado dende o ano 2013, así como do mantemento do saldo negativo rexistrado no terceiro trimestre de 2019, que ascende a 2.800 efectivos (entran máis persoas no paro das que saen).

7. A Eurorrexión, ao igual que as principais economías europeas, caracterízase polo seu reducido tamaño empresarial e un carácter fortemente prociclico, se ben aprécianse importantes diferenzas entras ambas as dúas rexións. Mentres que na Eurorrexión o 62% das empresas analizadas non teñen asalariados, no norte de Portugal esta porcentaxe ascende ata o 66% mentres que o seu peso relativo en Galicia sitúase nun nivel similar ao da media da UE-27, o 55,2%. Pola contra, tan só un 3,4% das empresas galegas consideradas ten dez ou máis asalariados fronte ao 4,8% no norte de Portugal. Cómpre insistir na necesidade de favorecer o crecemento do tamaño empresarial, xa que son as empresas grandes as que xeran unha maior porcentaxe de emprego e valor engadido e impulsan en maior medida a competitividade dun territorio e favorecen, entre outros aspectos, os seus procesos de dixitalización, internacionalización ou innovación.

8. A crise económica trouxo de seu unha redución do número de empresas e un in-

cremento do saldo neto negativo (creación–destrución de empresas), mudando esta tendencia na recuperación económica. Porén, existe un comportamento desigual nos dous lados da raia, sendo máis acusado o impacto da crise no norte de Portugal e ao mesmo tempo máis intensa a recuperación. Así, o número de empresas redúcese un 11,9% na rexión portuguesa fronte ao 5% en Galicia (9,4% na Eurorrexión) en tanto que no período 13-17 os incrementos foron do 9% e 5,8%, respectivamente (6,7% no conxunto da Eurorrexión). Asemade, existe un comportamento desigual canto ao tamaño empresarial, salientando o comportamento das empresas sen asalariados en Galicia e as que teñen de un a nove asalariados, que manteñen un nivel empresarial superior ao de 2008. Asemade, o norte de Portugal conta con 153,5 empresas por cada mil activos fronte aos 124,3 en Galicia (135,9 e 115,9 ao final da crise económica).

9. España mantense no trixésimo lugar no ranking do índice Doing Business na súa edición de 2020, retrocedendo Portugal cinco posicións para situarse no posto 39. No caso español, os principais atrancos volven estar vencellados á apertura dun negocio (posto 97 de 190 países), a obtención de crédito (80) e a xestión de permisos de construción (79). Comparado coa situación do ano 2016, España empeora de xeito significativo a súa posición relativa tanto no caso da obtención de crédito como da apertura dun negocio (postos 59 e 82, respectivamente), mellorando por contra no caso da xestión dos permisos para construción (101). En Portugal é significativo o retroceso relativo que se experimenta no caso da apertura dun negocio, tendo en conta que en 2016 situábase no posto 13 e no último ano sitúase no posto 63. Con todo, os datos da Banco Mundial reflicten que en España tárdase de media 12,5 días en inscribir unha compañía fronte aos 6,5 días en Portugal, sendo asemade moito máis caro (3,9% do ingreso per capita fronte ao 1,9% de Portugal).

10. No concernente aos fluxos de entrada a saída empresarial, a Eurorrexión caracterízase por unha elevada rotación empresarial en comparación con outras economías europeas. No ano 2016, últimos datos dispoñibles a nivel rexional, a taxa de rotación empresarial ascendía ata o 23,5%, porcentaxe moi superior ao existentes en países como Francia, Alemaña ou España onde oscila entre o 15,7% e 17,7%. Unha vez máis, hai que mencionar as significativas diferenzas entre Galicia e o norte de Portugal, xa que esta taxa acada o 17,8% en Galicia fronte a un 27% na rexión portuguesa. Isto ven motivado tanto polo menor fluxo de entrada como de saída en Galicia.

11. Un último indicador da demografía empresarial é o relativo á supervivencia das empresas aos tres anos. A porcentaxe de empresas que seguen vivas aos tres anos de crearse ascende en Galicia no ano 2017 ata o 56,8%, porcentaxe non só moi superior ao acadado na rexión norte de Portugal (49,1%) senón tamén no conxunto de Portugal (45,2%) e de España (53,5%). Non obstante, cómpre mencionar o lixeiro descenso deste indicador respecto ao ano 2014 en Galicia fronte ao incremento de case catro puntos na rexión norte de Portugal.

CONTIDOS

I- ANÁLISE CONXUNTURA:
. Contas económicas.
. Mercado de Traballo.

DEMOGRAFÍA EMPRESARIAL NA EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL.
. O que din as estatísticas

O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso País, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.

ISSN: 2530-318X
Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Xaneiro de 2021

I- ANÁLISE DE CONTAS

1- CONTAS ECONÓMICAS: ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2020. MÁIS ALÁ DO EFECTO ESTATÍSTICO

Despois da forte contracción da actividade económica no segundo trimestre do ano o PIB galego presenta un significativo rebote en relación ao trimestre anterior, o que se explica en boa medida polo efecto estatístico. Deste xeito, a economía galega sae da recesión económica no terceiro trimestre. En termos interanuais, ralentízase a contracción do PIB, que cae un 6,2%, case tres puntos menos que o conxunto do Estado (9%).

O terceiro trimestre caracterízase por unha achega negativa tanto da demanda interna como, en menor medida, externa, a diferencia do que acontecía nos dous trimestres anteriores. En comparación coa evolución destes indicadores na economía española, todos os indicadores presentan unha peor evolución no conxunto do Estado agás no caso do gasto das administracións públicas. Entre xullo e setembro, o investimento é quen presenta a caída interanual máis acusada, cunha redución do 9,2%, en tanto que o gasto das familias redúcese un 6,9%, sendo neste último caso a caída do consumo privado a máis acusada dende o comezo da serie estatística (1995). No caso das vendas a terceiros países, o espectacular crecemento da automoción contribúe a unha medra da súa elevada concentración sectorial e xeográfica.

Dende o lado da oferta, os grandes sectores produtivos presentan en Galicia un mellor comportamento que no conxunto do Estado, coa excepción do sector primario. Tanto en Galicia como na economía española, o subsector de comercio, transporte e hostalería e o das actividades artísticas, recreativas e outros servizos mantense como aqueles que presentan unha maior contracción. Non obstante, o maior diferencial entre as taxas de variación interanual rexístranse no caso das actividades profesionais, con caídas do 4,2% en Galicia e do 13,2% en España.

A pesar da leve mellora da competitividade relativa da economía galega, esta mantén a súa posición intermedia baixa en relación ao resto das CC.AA Este leve dinamismo comparado co promedio é moi dispar atendendo aos distintos eixos considerados, destacando o eixo do capital humano (eixo 3), que presenta un crecemento considerado como intenso, en contraposición co entorno institucional (eixo 4) e a eficiencia empresarial (eixo 6) que caen de forma importante, presentando unha evolución tamén negativa o entorno económico (eixo 1). Ao mesmo tempo, cómpre resaltar que Galicia sitúase entre as CCAA coa menor a incidencia relativa do COVID na competitividade rexional.

Antes de analizar os principais aspectos do terceiro trimestre do ano cómpre facer referencia ao indicador Abanca do Foro Económico. Este indicador reflicte que no mes de outubro a actividade económica consolida a súa melloría, ao presentar unha caída interanual do 2,4%, un punto menos que no mes anterior.

1- Actividade económica

Tras a forte contracción da actividade económica galega no segundo trimestre do ano, motivado inicialmente polas restricións á mobilidade de persoas e medidas de contención no ámbito comercial, equipamentos culturais establecementos e actividades recreativas, actividades de hostalería e restauración, e posteriormente polas medidas aprobadas para conter a expansión do COVID, o terceiro trimestre presenta un forte rebote en relación ao trimestre anterior que se explica, en boa medida, polo efecto estatístico. Neste senso cómpre insistir que no actual contexto de profundos e moi rápidos cambios, a análise dos datos intertrimestrais perde todo o sentido, polo que este comentario céntrase, fundamentalmente, na evolución da economía en relación ao mesmo período do ano anterior.

A mellora da situación sanitaria, que permitiu a relaxación e/ou levantamento das restricións aprobadas con anterioridade, posibilitou unha ralentización xeralizada da caída da actividade económica no terceiro trimestre do ano. De xeito similar ao acontecido no trimestre anterior, a contracción do PIB tanto en Galicia como en España foi máis acusada que no conxunto da zona euro e as principais economías europeas.

No ámbito da Unión Europea (UE-27) o descenso interanual do PIB no terceiro trimestre foi do 4,2%, unha décima menos que na zona euro, cando no segundo trimestre a actividade económica contráese un 13,9% e 14,7%, respectivamente. Como se reflicte no primeiro gráfico, entre as principais economías cómpre resaltar que a economía alemá

Evolución do PIB real na UE-27, na zona euro e nas principais economías europeas, 2019-2020. Taxas de variación interanual



	I	II	III	IV	I	II	III
	2019				2020		
Zona euro	1,5	1,3	1,4	1,0	-3,2	-14,7	-4,3
UE-27	1,8	1,5	1,6	1,3	-2,6	-13,9	-4,2
Alemaña	1,1	0,1	0,8	0,4	-2,1	-11,2	-4,0
Francia	1,8	1,8	1,6	0,8	-5,7	-18,9	-3,9
Portugal	2,5	2,2	2,0	2,3	-2,4	-16,4	-5,7
España	2,2	2,1	1,8	1,7	-4,2	-21,6	-9,0

Fonte: Eurostat

presenta unha redución do 4% fronte ao 3,9% de Francia (Italia un -5,2%).

Se a comparación se realiza co conxunto de España, a incidencia da crise do COVID en Galicia é menos negativa nos tres trimestres de 2020. Se o ano 2019 remata cun crecemento interanual do PIB do 1,3%, catro décimas menos que en España, o impacto da crise sanitaria provoca unha caída do 3,8% no primeiro trimestre do ano, catro décimas menos que no conxunto do Estado, en tanto que no segundo trimestre, a contracción da actividade económica foi do 17,9% en Galicia fronte ao 21,6% en España. No terceiro trimestre do ano ralentízase a caída da actividade económica tanto en Galicia como en España, presentando a economía galega unha contracción do 6,2% fronte ao 9% de España.

A análise da evolución do PIB en termos intertrimestrais reflicte que tras o forte rebote económico experimentado no terceiro trimestre do ano, tanto Gali-

Evolución do PIB real en Galicia e España, 2019-2020
Taxa de variación interanual



Taxa de variación intertrimestral



Fonte: IGE e INE

cia como España saen da recesión económica. Na Comunidade Autónoma o crecemento foi similar á caída do segundo trimestre impulsado polo incremento do consumo privado (22,7%) e o investimento (17,9%). A demanda externa contribúe negativamente tras unha medra do 39,1% das importacións e do 35% no caso da vendas fóra de Galicia.

Se se compara o impacto da crise económica de 2008 e a de 2019, cómpre resaltar que o impacto do COVID-19 é significativamente superior, pero que a recuperación tamén semella que vai ser moito máis intensa. Se se toma como referencia o valor máis elevado do PIB antes das crises, Galicia presenta un impacto inicial inferior ao rexistrado en España, se ben a recuperación posterior na crise económica de 2008 foi máis rápida no Estado. Galicia acadou o nivel precrise no primeiro trimestre de 2018, dez anos máis tarde, en tanto que a economía española acadouno no cuarto trimestre de 2016, case nove anos máis tarde (35 trimestres).

Evolución da actividade económica en Galicia e España dende o máximo antes da crise 2008 e 2020



Fonte: IGE e INE

DEMANDA AGREGADA

A crise orixinada pola pandemia do coronavirus tradúcese nunha forte contracción da demanda interna ao longo de 2020, sendo esta máis acusada na economía galega que na española no terceiro trimestre do ano. Entre xullo e setembro a demanda interna detrae 5,4 puntos porcentuais ao crecemento agregado do PIB en Galicia fronte aos 7,2 puntos no conxunto do Estado. No trimestre anterior, a demanda interna detrae unha cantidade similar en Galicia e España (18,6 e 18,7 puntos, respectivamente). Ao contrario do que acontece nos dous primeiros trimestres do ano, a demanda externa

Achega da demanda interna e externa en Galicia e España 2019-2020



Fonte: IGE e INE

presenta unha achega negativa en Galicia de 0,8 puntos no terceiro trimestre cando no trimestre anterior a achega positiva situábase en 0,7 puntos (no conxunto do Estado a contribución da demanda externa é negativa ao longo de todo o ano 2020, situándose no terceiro trimestre en 1,8 puntos porcentuais).

O cadro macroeconómico de Galicia amosa que entre os compoñentes da demanda interna, Galicia presenta ao longo de todo o ano 2020 unha contracción tanto do consumo privado como do investimento. Entre xullo e setembro deste ano, o investimento é quen presenta a caída interanual máis acusada, cunha redución do

Cadro macroeconómico de Galicia 2018-2020. Taxas de variación interanual.

%

	2018	2019	2019/I	2019/II	2019/III	2019/IV	2020/I	2020/II	2020/III
Produto Interior Bruto	3,2	1,8	2,5	1,7	1,6	1,3	-3,8	-17,9	-6,2
Demanda									
Gasto en consumo final	1,0	2,0	1,1	2,2	2,7	2,0	-4,2	-17,5	-4,6
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	0,8	2,1	1,3	2,3	2,6	2,0	-7,0	-23,8	-6,9
AA. Públicas	1,9	1,8	0,5	1,8	2,9	2,1	4,3	1,5	2,1
Formación Bruta de Capital	6,3	1,8	5,4	2,4	0,6	-1,0	-8,7	-24,0	-9,2
Achega demanda interna ao PIB	1,9	2,0	1,8	2,2	2,3	1,5	-5,0	-18,6	-5,4
Exportacións	3,8	0,2	1,6	-3,5	0,7	2,1	-0,1	-23,3	0,9
Importacións	1,4	0,6	0,4	-2,5	2,1	2,4	-2,4	-24,7	2,4
Achega demanda externa ao PIB	1,3	-0,2	0,7	-0,5	-0,7	-0,2	1,2	0,7	-0,8
Oferta									
Sector primario	-0,5	-0,2	0,0	-1,9	0,3	0,7	-0,8	-1,9	-3,6
Industria	8,9	-1,4	-0,6	-2,8	-2,0	-0,1	-1,1	-23,5	-3,7
Industria manufactureira	2,2	0,6	-1,9	-1,0	2,6	2,8	-1,3	-29,6	-2,7
Construción	2,7	3,4	4,9	3,3	3,4	2,1	-7,1	-19,6	-9,3
Servizos	2,4	2,7	3,2	2,5	2,7	2,3	-3,5	-16,0	-5,5
Comercio, transporte e hostalería	2,7	3,6	5,0	3,8	4,1	1,5	-9,7	-35,4	-14,6
Información e comunicacións	2,5	0,5	-0,1	-0,2	0,9	1,7	5,2	-6,5	0,1
Actividades financeiras e de seguros	6,6	1,3	1,8	-1,7	-0,8	6,2	-3,9	3,9	3,4
Actividades inmobiliarias	1,3	1,2	1,1	1,1	1,2	1,5	0,2	-0,1	-0,5
Actividades profesionais	5,0	4,1	5,7	3,1	4,0	3,7	-6,1	-22,5	-4,2
Administración pública, sanidade e educación	1,5	3,0	2,4	3,6	3,2	2,7	2,8	0,4	1,4
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-0,2	0,4	1,0	0,7	-0,3	0,3	-8,4	-41,6	-10,2

Fonte: IGE

9,2% (24% no trimestre anterior), en tanto que o gasto das familias redúcese un 6,9% (-23,8% no segundo trimestre). Comparado co acontecido nos terceiros trimestres dos anos anteriores, a caída do consumo privado é a máis acusada dende o comezo da serie estatística (1995), en tanto que o investimento presenta unha contracción superior tan só en 2009, 2011 e 2013. Por contra, o gasto en consumo das administracións públicas medra un 2,1% no terceiro trimestre, seis décimas máis que o estimado para o trimestre precedente.

En comparación coa evolución destes indicadores na economía española, todos os indicadores presentan unha peor evolución no conxunto do Estado agás no caso do gasto das administracións públicas. Dunha banda, o gasto en consumo final en España descende no último trimestre un 6,9% respecto ao mesmo período do ano anterior, máis de dous puntos por riba do que acontece na economía galega, por mor do forte descenso do gasto das familias, que no conxunto do Estado se contrae un 10,5% (6,9% en Galicia). Por contra, o consumo público crece en España un 3,8% no último trimestre fronte ao 2,1% de Galicia. Doutra banda, o investimento presenta en España unha taxa de variación interanual do -9,6%, catro décimas superior ao rexistrado na economía galega.

No concernente ao sector exterior, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte a súa achega positiva ao crecemento agregado do PIB nos dous primeiros trimestres de 2020 ao contrario do acontecido no Estado. Esta situación muda no terceiro trimestre do ano ao presentar Galicia unha contribución negativa de oito décimas, manténdose

PIB real en Galicia e España no terceiro trimestre 2020. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

a achega negativa no conxunto do Estado (1,8 puntos porcentuais). No último trimestre as exportacións medraron en Galicia tan só un 0,9% en relación ao ano anterior, en tanto que as compras fóra de Galicia o fixeron nun 2,4%. Por contra, no conxunto do Estado as vendas de bens e servizos ao exterior rexistraron unha medra do 19,3%, fronte ao 15,4% experimentado polas importacións.

Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, o valor total acumulado das exportacións galegas entre xullo e setembro presenta unha medra do 7,2% respecto ao mesmo período do ano anterior, case o dobre do experimentado en 2019, motivado en boa medida pola recuperación das vendas exteriores do sector do automóbil, que medran un 127,8% (886,7 millóns de euros máis). No terceiro trimestre do ano as exportacións acadan un valor de 5.946,3 millóns de euros, o que representa o 39,2% do PIB galego, sete décimas máis que ao comezo desta crise de saúde pública (34,6% no mesmo trimestre do ano anterior). A cota de mercado das exportacións galegas no total estatal sitúase no 9,2%, porcentaxe sensiblemente superior ao rexistrado no cuarto trimestre de 2019 (8,2%) e no mesmo período do ano anterior (8,1%). Tendo en conta que as importacións galegas, tras unha caída do 11,3% respecto ao mesmo período do ano anterior, acadan no segundo trimestre un importe de 4.281 millóns de euros, o saldo positivo da balanza comercial galega aumenta ata os 1.665,3 millóns de euros (723 millóns no mesmo período do ano precedente).

O sector do automóbil e as actividades de téxtil e confección seguen a ser os sectores exportadores máis importantes en termos de valor, que no último trimestre concentran a metade do valor das exportacións, o peso máis elevado dos últimos dez anos. Dunha banda, o importe das vendas do sector do automóbil medou un 127,8% respecto ao segundo trimestre do ano anterior, acadando os 1.580,6 millóns de euros. Doutra banda, o sector téxtil-confección, tras unha caída interanual do 11,7%, vendeu ao exterior produtos por valor de

Exportacións galegas do sector do automóbil e do téxtil-confección no terceiro trimestre 2010-2020.



Fonte: ICEX

1.382,6 millóns de euros. O peso relativo destas dúas ramas de actividade nas exportacións galegas ao estranxeiro descende ata o 26,6% e 23,3% do total galego, respectivamente.

O devandito bo comportamento do sector do automóbil reflíctese tamén nunha maior concentración das exportacións galegas cara á Unión Europea, e especialmente a Francia. Dunha banda, no terceiro trimestre do ano a Unión Europea (UE-27) concentra o 70,5% das exportacións galegas, cando no mesmo período do ano anterior esta porcentaxe ascendía a 69,1%. Doutra banda, as vendas galegas a Francia representan no último trimestre o 23,8% do total galego, cando no ano precedente representaba o 17%. Ao mesmo tempo aumenta levemente o peso das exportacións a Alemaña (5,3% e 5,7%). Portugal, a pesar do descenso da súa importancia relativa mantense como o segundo país destino dos produtos galegos, co 11,9% (14,1% no ano anterior), seguido de Italia, cun 8,5% no terceiro trimestre de 2020 (8,9% no ano precedente).

Por último, no concernente ao saldo da balanza comercial dos distintos sectores no terceiro trimestre de 2020, cómpre resaltar en primeiro lugar o comportamento no sector do automóbil, que no último trimestre acada un saldo positivo de 292,8 millóns de euros cando no mesmo período do ano anterior o déficit ascendía a 448,1 millóns. Asemade, redúcese o saldo positivo do subsector téxtil-confección en case 145 millóns de euros, ao acadar un superávit de 843,7 millóns cando no mesmo período do ano anterior ascendía a 987,9 millóns. Por último cómpre mencionar a acusada redución do saldo deficitario da balanza comercial do sector do automóbil, que acada os 41 millóns de euros cando no ano anterior ascendía a 181,4 millóns de euros.

AGREGADOS DA OFERTA

Dende o punto de vista sectorial o a crise orixinada pola pandemia do coronavirus incide en maior medida naqueles sectores máis afectados polas restricións de mobilidade e vinculados ao consumo, como a hostalería (aloxamentos e comidas), o comercio, fundamentalmente de vehículos de motor, e as actividades artísticas e recreativas. Tal e como se mencionaba no informe anterior, a menor exposición destes sectores na economía galega explica en parte que a caída do PIB galego no terceiro trimestre sexa menor que no conxunto do Estado.

No último trimestre todos os grandes sectores produtivos presentan en Galicia un mellor comportamento que no conxunto do Estado, coa excepción do sector primario, que presenta unha medra do 3,7% en España fronte á contracción do 3,6%

Produto Interior Bruto en Galicia e España no 3º trimestre de 2020: distribución segundo principais compoñentes da oferta. Taxas de variación interanual



en Galicia. Tanto en Galicia como na economía española, o subsector de comercio, transporte e hostalería é o que presenta as maiores caídas do PIB, situándose no 14,6% en Galicia fronte aos 22,2% en España. A continuación situaríanse as actividades artísticas, recreativas e outros servizos, cunha contracción do 10,2%, máis de oito puntos e medio por baixo do acontecido no conxunto do Estado (18,8%). Non obstante, o maior diferencial entre as taxas de variación interanual das actividades consideradas rexístranse no caso das actividades profesionais, con caídas do 4,2% en Galicia e do 13,2% en España. Influenciado polo comportamento destas ramas de actividade, o valor engadido bruto xerado polo conxunto do sector servizos redúcese un 5,5% na Comunidade Autónoma galega, situándose no 10,2% en España.

Asemade, cómpre mencionar a redución da actividade experimentada na construción, quen rexistra unha taxa de variación interanual de -9,3%, sendo esta porcentaxe do -11% na economía española. Por último, o veb xerado polo sector industrial considerado no seu conxunto (industria manufactureira, enerxía e industria extractiva) contráese un 3,7% no terceiro trimestre, sete décimas menos que no conxunto do Estado, sendo esta caída menos acusada en Galicia no caso do subsector manufactureiro (2,7%).

Tras esta evolución, no terceiro trimestre do ano o subsector de comercio, transporte e hostalería concentra o 21,3% do veb xerado en Galicia, superando ás actividades das administracións públicas, sanidade e educación, que representan o 20,4%, e da industria manufactureira, co 12,9%. As actividades profesionais, vinculadas en gran medida ao desenvolvemento da actividade manufactureira, xeran o 6,4% do veb galego.

Como se aprecia na figura seguinte, dende o comezo da crise orixinada pola pandemia do coronavirus rexístrase unha importante caída do peso relativo das actividades de comercio, transporte e hostalaría. No cuarto trimestre de 2019 este subsector representaba o 23,7% do veb galego, case dous puntos e medio por riba do estimado no terceiro trimestre deste ano (21,3%). Por contra, aumenta nun punto porcentual e medio a importancia relativa da administración pública, sanidade e educación, que supón o 20,4% no terceiro trimestre de 2020 (18,9% ao comezo da actual crise sociosanitaria). Asemade cómpre mencionar que entre os dous trimestres considerados o peso da industria manufactureira mantense relativamente estable (13,1% e 12,9%) ao igual que no caso da construción (7,7% e 7,4% no terceiro trimestre de 2020).

Evolución da estrutura produtiva de Galicia. Principais ramas de actividade (VEB Galicia = 100)



Fonte: IGE

Competitividade rexional 2019. Análise comparada

Tendo en conta o forte impacto negativo da actual crise socioeconómica orixinada pola COVID, a análise da posición competitiva das CC.AA. no comezo da mesma é especialmente relevante. Os distintos indicadores seleccionados na elaboración do Índice anual de Competitividade Rexional (ICREG) elaborado polo Consejo General de Economistas, que se agrupan en sete eixos competitivos (entorno económico, mercado de traballo, capital humano, entorno institucional, infraestruturas básicas, eficiencia empresarial e innovación), permiten identificar os factores determinantes para a competitividade e proporciona información sobre as claves para a súa mellora.

A pesar da lixeira mellora do valor do ICREG respecto ao ano anterior, Galicia mantén unha posición intermedia-baixa en relación ao resto das CC.AA., situándose no ano 2019 no oitavo posto. O mapa seguinte reflicte que Madrid, xunto con Navarra e País Vasco conforman o grupo competitivo relativo alto, e que as CC.AA. máis competitivas son as que se atopan no interior do denominado "triángulo competitivo", formado polos vértices de País Vasco, Cataluña e Madrid. Non obstante, os datos corres-

Comunidades Autónomas segundo o seu novel competitivo



Fonte: Consejo General de Economistas, Informe de la competitividad regional en España 2020

pondentes ao ano 2019 confirman a atonía competitiva de Cataluña, así como que "dentro" do triángulo cobra relevancia Navarra e a perde Aragón, en favor da Rioxa.

Dende un punto de vista dinámico, doce das dezasete Comunidades Autónomas amosan un crecemento do seu nivel competitivo relativo, reducíndose tan só en Asturias e Aragón, e manténdose sen cambios en Cantabria, Cataluña e Estremadura. No caso de Galicia, o seu dinamismo comparado co promedio é considerado como leve, se ben a súa evolución é moi dispar atendendo aos distintos eixos considerados. Dunha banda, catro dos sete eixos presentan un crecemento superior ao promedio estatal, salientando o capital humano (eixo 3), que presenta un crecemento considerado como intenso, sendo moderado no caso do mercado de traballo (eixo 2), infraestruturas básicas (eixo 5) e innovación (eixo 7); doutra banda, o entorno institucional (eixo 4) e a eficiencia empresarial (eixo 6) caen de forma importante, presentando unha evolución tamén negativa o entorno económico (eixo 1).

Nivel competitivo de Galicia 2019 e evolución 2018-19. Distribución segundo eixos

	2019		2019/18
	Ranking	Nivel competitivo	Dinamismo relativo
Eixo 1.- Entorno económico	7	MEDIO BAIXO	DESCENSO
Eixo 2.- Mercado de traballo	10	MEDIO ALTO	MODERADO
Eixo 3.- Capital humano	10	MEDIO BAIXO	INTENSO
Eixo 4.- Entorno institucional	7	MEDIO ALTO	FORTE DESCENSO
Eixo 5.- Infraestruturas básicas	14	MEDIO BAIXO	MODERADO
Eixo 6.- Eficiencia empresarial	14	BAIXO	FORTE DESCENSO
Eixo 7.- Innovación	9	MEDIO BAIXO	MODERADO
Galicia	8	MEDIO BAIXO	LEVE

Segundo o devandito informe, os indicadores coas achegas máis positivas corresponden á taxa de paro, taxa de paro de longa duración e taxa de paro xuvenil (eixo 2), abandono temperá do sistema educativo (eixo 3), poboación con problemas de contaminación (eixo 5), Investigadores e Empresas con medios sociais (eixo 7). Pola contra, as contribucións máis negativas corresponden ás Variacións do PIB real (eixo 1), Déficit e Delitos (eixo 4), Produtividade e custos laborais unitarios (eixo 6) e Patentes (eixo 7).

Tras esta evolución, a foto fixa do ano 2019 reflicte que o nivel competitivo é medio alto nos casos dos eixos do mercado de traballo e o entorno institucional, cualificándose como medio-baixo no caso do entorno económico, capital humano, infraestruturas básicas e a innovación. Por último, considérase como nivel competitivo baixo o correspondente á eficiencia empresarial. En comparación co resto das CC.AA., cómpre resaltar que os eixos que presentan unha mellor posición relativa corresponden novamente aos entornos económico e institu-

cional, que ocupan o sétimo posto, mentres que a eficiencia empresarial e as infraestruturas básicas ocupan o posto 14.

Finalmente, cómpre resaltar a incidencia relativa do COVID na competitividade rexional. Tomando en consideración 17 indicadores directa ou indirectamente relacionados co ICREG[1] e comparando os seus valores en cada Comunidade Autónoma co valor promedio de España, establece una clasificación en 3 niveles segundo o impacto relativo esperado: Severo (valor superior ao 120% da media); Elevado (valor comprendido entre o 80 e o 120%); e importante (valor inferior ao 80% da media). Segundo as estimacións recollidas no devandito informe do Colexio de Economistas, Galicia estaría entre as CC.AA. onde o impacto final da pandemia nos niveis competitivos sería relativamente menor, xunto con Murcia, Estremadura, Castela A Mancha, Cantabria e Andalucía. No extremo oposto, as CCAA cuxa competitividade se verían máis afectadas serían Baleares, Cataluña, Canarias, Navarra e o País Vasco.

No caso concreto de Galicia, tan só o investimento directo estranxeiro presenta un impacto negativo severo, cualificando o seu impacto como elevado en cinco deles: produción industrial; produtividade; mobilidade de persoas; as actividades vinculadas ao comercio e ao entretemento.

Impacto relativo total do COVID-19 sobre a competitividade rexional



Fonte: Consejo General de Economistas, Informe de la competitividad regional en España 2020

1- Os indicadores seleccionados son: [1] Crecemento observado; [2] Crecemento previsto; [3] Desemprego; [4] Ocupación; [5] ERTE, [6] Produción industrial; [7] Investimento Estranxeiro Directo; [8] Saldo de empresas: [9] Mobilidade de persoas; [10] Produtividade. [11] Custos Laborais Unitarios; [12] PIB per capita; [13] Peso medio del sector primario; [14] Peso medio de Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas; transporte e almacenamento; hostalaría; [15] Peso medio de Actividades artísticas, recreativas e de entretemento; reparación de artigos de uso doméstico e outros servizos (R_U). [16] Casos acumulados por 100.000 habitantes [17] Falecidos acumulados por 100.000 habitantes.

Impacto relativo do COVID sobre a competitividade rexional 2020. Distribución segundo indicadores (1)



Fonte: Consejo General de Economistas, Informe de la competitividad regional en España 2020

(1) Indicadores: [1] Crecemento observado; [2] Crecemento previsto; [3] Desemprego; [4] Ocupación; [5] ERTE, [6] Produción industrial; [7] Investimento Estranxeiro Directo; [8] Saldo de empresas: [9] Mobilidade de persoas; [10] Produtividade. [11] Custos Laborais Unitarios; [12] PIB per capita; [13] Peso medio del sector primario; [14] Peso medio de Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas; transporte e almacenamento; hostalaría; [15] Peso medio de Actividades artísticas, recreativas e de entretemento; reparación de artigos de uso doméstico e outros servizos (R_U). [16] Casos acumulados por 100.000 habitantes [17] Falecidos acumulados por 100.000 habitantes.
(2) Verde. Importante; Amarelo, Elevado; Vermello, impacto severo.

2. Emprego

Os resultados presentados na EPA correspondentes ao terceiro trimestre de 2020 continúan a reflectir os efectos negativos da crise orixinada pola COVID-19 sobre o mercado de traballo. Tras o forte axuste de emprego experimentado no trimestre anterior por mor das restricións de mobilidade e as limitacións de actividade existentes, entre os meses de xullo e setembro experimentouse unha importante recuperación trimestral, se ben esta recuperación hai que considerala como parcial tendo en conta que o nivel de ocupación sitúase por baixo do acadado no mesmo trimestre do ano anterior.

A análise do mercado de traballo céntrase fundamentalmente nos datos de variación interanuais xa que no contexto actual de dinámicas de crises e recuperación tan rápidas e intensas, as variacións dun trimestre respecto ao trimestre anterior non son un bo indicador. Cómpre ter presente que a evolución da ocupación e desemprego estimado pola EPA non reflicte totalmente o impacto da crise da COVID xa que por exemplo hai persoas consideradas como ocupadas que están acollidos a un ERTE ou outras que perden o emprego e están contabilizadas como inactivas.

Ao igual que se reflectía no informe anterior o axuste do emprego prodúcese en maior medida entre as persoas máis vulnerables: os máis novos, asalariados con contratos temporais, traballadores con xornada a tempo parcial e persoas con menor nivel educativo. Asemade, a poboación ocupada redúcese en maior medida no caso das mulleres que no dos homes así como tanto no conxunto de traballadores por conta propia, especialmente nos empresarios sen asalariados, como nas persoas por conta allea. No extremo contrario, cómpre resaltar o incremento dos asalariados con contrato indefinido e os empregados no sector público.

No concernente ao desemprego, tras unha medra do 0,9% da poboación parada a taxa de paro en Galicia situouse no 11,8%, tres décimas máis que no ano anterior, situándose esta porcentaxe no 16,3% no conxunto do Estado. Como aspecto positivo cómpre insistir unha vez máis na importancia do descenso do número de persoas en situación de desemprego de longa duración, que se reduce un 5,3% respecto ao mesmo período do ano anterior, de xeito que o número de persoas nesta situación de desemprego representa o 37,1% da poboación parada total, case dous puntos porcentuais e medio inferior ao do mesmo período do ano anterior, e a porcentaxe a máis reducida nun terceiro trimestre dende o ano 2009.

Atendendo á estatística de fluxos de entrada e saída do mercado de traballo, que recolle as transicións observadas entre ocupación, paro e inactividade permite unha análise complementaria ao impacto da COVID no mercado de traballo, o terceiro trimestre do ano 2020 caracterízase por unha importante medra da entrada de efectivos na actividade, que acada o valor mais alto nun terceiro trimestre dende a recuperación económica. O saldo neto dos fluxos de persoas en relación á actividade elévase ata os 33.500 efectivos, como resultado dun incremento do saldo neto dos fluxos relativos á ocupación, que se sitúan en 30.800 efectivos, o máis elevado dende o ano 2013, así como do mantemento do

saldo do fluxo do paro rexistrado no terceiro trimestre de 2019, que ascende a 2.800 efectivos (entran máis persoas no paro das que saen).

Poboación activa

A relaxación das restricións de mobilidade permitiu a procura activa de emprego, o que motivou un incremento do número de activos en relación ao trimestre anterior. Tralo acusado descenso do segundo trimestre, cunha caída interanual do 3,7%, a máis elevada dende o inicio da crise económica de 2008, nos meses de verán a poboación activa redúcese un 1,7% respecto ao mesmo período do ano anterior (-2,1% no terceiro trimestre de 2013). No conxunto do Estado o número de activos redúcese un 0,8% respecto ao ano anterior cando en 2019 a poboación activa incrementárase un 1% en España. Tras esta evolución, no terceiro trimestre do ano Galicia conta con 1.227.400 persoas activas, 21.800 menos que no mesmo período do ano precedente.

Principais datos do mercado de traballo no terceiro trimestre 2014-2020

	(miles persoas)							2020/2019	
	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	(miles persoas)	(%)
Poboación maior de 16 anos	2.367,6	2.357,3	2.349,3	2.339,9	2.333,4	2.335,9	2.339,0	3,1	0,1
Poboación activa	1.275,6	1.261,9	1.264,6	1.254,2	1.249,4	1.249,2	1.227,4	-21,8	-1,7
25 - 34 anos	285,2	271,7	257,3	239,2	231,3	222,8	210,5	-12,3	-5,5
Poboación ocupada	1.017,3	1.039,0	1.057,9	1.072,5	1.096,5	1.105,7	1.082,6	-23,1	-2,1
Conta propia	221,9	217,5	219,7	224,2	217,0	216,7	201,7	-15,0	-6,9
Conta allea	795,1	821,4	837,9	847,9	879,5	888,7	880,6	-8,1	-0,9
Outra situación	0,4	0,2	0,3	0,4	..	0,2	0,3	0,1	50,0
Poboación parada	258,3	222,8	206,7	181,7	153,0	143,5	144,8	1,3	0,9
Parado longa duración	140,9	127,3	110,0	95,7	63,3	56,7	53,7	-3,0	-5,3
Poboación inactiva	1.092,0	1.095,4	1.084,7	1.085,6	1.084,0	1.086,7	1.111,6	24,9	2,3
Taxa de actividade	53,9%	53,5%	53,8%	53,6%	53,5%	53,5%	52,5%		
Taxa de ocupación	43,0%	44,1%	45,0%	45,8%	47,0%	47,3%	46,3%		
Taxa de paro	20,2%	17,7%	16,3%	14,5%	12,2%	11,5%	11,8%		
Taxa de temporalidade	24,6%	27,5%	27,4%	28,1%	26,8%	27,4%	24,6%		
Afiliacións (media trimestral)	935,7	952,5	970,4	991,3	1.013,6	1.029,9	1.005,0	-24,9	-2,4
Paro rexistrado (media trimestral)	238,5	215,3	194,3	182,4	164,7	153,9	176,3	22,4	14,5

Fonte: IGE

A taxa de actividade, entendida como a relación entre a poboación activa e a poboación maior de 16 anos, sitúase no terceiro trimestre de 2020 en Galicia no 52,5%, un punto porcentual por baixo do estimado no mesmo período do ano anterior, o que a mantén como a segunda Comunidade Autónoma coa taxa máis reducida tan só por diante de Asturias (50,1%). No último ano aumenta lixeiramente o diferencial con respecto á media española ata os 5,4 puntos (57,8% en España no último trimestre fronte aos 58,7% do ano anterior).

Atendendo á súa distribución segundo sexos, tanto en Galicia como en España a participación laboral redúcese en termos interanuais en ambos os dous casos, se ben con maior intensidade entre os homes que entre as mulleres. A taxa de actividade descende en Galicia ata o 57,8% nos homes e o 47,6% nas mulleres, o que supón unha caída de tres décimas e 1,7 puntos porcentuais, respectivamente. No conxunto do Estado, a taxa de actividade feminina descendeu ata o 52,5% (oito décimas menos) e a masculina ata o 64,5% (un punto porcentual menos). En ambos os dous casos Galicia sitúase como a segunda C.A. coas taxas máis reducidas tras Asturias.

Se se considera a evolución da poboación activa con idades comprendidas entre 25 e 34 anos, no terceiro trimestre do ano persiste a súa redución ao descender en Galicia un 5,5% respecto ao mesmo período do ano anterior (-1,8% en España). No último trimestre Galicia conta con 210.500 persoas activas con idades comprendidas entre 25 e 34 anos, o que supón unha caída de 12.300 persoas respecto ao terceiro trimestre do ano precedente. Polo seu impacto negativo cómpre mencionar que dende o comezo da recuperación económica no 1º trimestre de 2014 ata o comezo da actual crise orixinada polo COVID, a poboación activa galega con idades comprendidas nesta franxa de idade descendeu en 76.400 persoas, o que supón unha caída do 25,7%, porcentaxe tan só inferior á rexistrada en Asturias, cun 32,6% (no conxunto do Estado a caída é do 16,2%) Dende o cuarto trimestre de 2019 a caída da poboación activa de persoas con idades entre 25 e 34 anos foi de 10.900 persoas en Galicia, o que supón un descenso do 4,9%, (2% en España).

Ocupación

Os datos da Enquisa de Poboación Activa reflicten que no terceiro trimestre do ano o nivel de ocupación en Galicia ascendía a 1.082.600 persoas ocupadas, o que supón unha redución interanual do 2,1% (equivalente a 23.100 persoas), o que contrasta co incremento experimentado no mesmo período do ano anterior. Con todo, esta cifra da poboación ocupada non reflicte totalmente o axuste no mercado de traballo provocado pola crise da COVID tendo en conta que hai persoas contabilizadas como ocupadas que se atopan en expediente de regulación de emprego ou en paro parcial por razóns técnicas ou económicas. Descontando estes dous factores, a ocupación estimada pola EPA reduciríase un 4% respecto ao ano anterior, o que supón unha caída de 43,9 miles de persoas.

Un total de 14.200 persoas ocupadas atopábanse afectados por un expediente de regulación de emprego no terceiro trimestre do ano en Galicia (120.500 no trimestre anterior), o que representa o 1,3% da ocupación total (11,5% no trimestre anterior), e 7.400 persoas en paro parcial por razóns técnicas ou económicas (89.200 persoas no segundo trimestre), o que supón o 0,7% da poboación ocupada total (8,5% no trimestre precedente). Esta porcentaxe é inferior á rexistrada en España, que supera o 2,9% (11,4% no segundo trimestre) no caso dos expedientes de regulación e o 1,7% no caso do paro parcial (13,3% no segundo trimestre).

Como se aprecia no gráfico seguinte,

Evolución da ocupación en Galicia dende o comezo da crise sanitaria: Poboación ocupada total e poboación ocupada sen contar os ERE nin o paro parcial por razóns económicas ou técnicas (PP). Distribución segundo sexo



Fonte: IGE

trala acusada redución do emprego motivada polo impacto da crise sanitaria, a recuperación experimentada no terceiro trimestre do ano cabe cualificala como parcial tendo en conta que o nivel de ocupación sitúase por baixo do experimentado ao comezo da mesma tanto en Galicia como no conxunto do Estado. Dunha banda, o nivel de ocupación en Galicia no último trimestre sitúase aínda 1,2 puntos por baixo do estimado no cuarto trimestre de 2019 (3,1 puntos se se desconta tanto os ERE como o paro parcial) cando en España este diferencial é de 4 e 8,2 puntos, respectivamente. Doutra banda, a recuperación da ocupación entre os homes é máis acusada que entre as mulleres, tendo en conta que en Galicia a poboación ocupada masculina acada un nivel similar á estimada para o derradeiro trimestre de 2019 (3,3 puntos inferior no conxunto do Estado) en tanto que entre as mulleres a ocupación é aínda 3,5 puntos inferior (4,8 puntos inferior en España).

Volvendo ás cifras de emprego totais e á análise das taxas de variación interanual, que son as que devandito descenso do 2,1% no emprego total é lixeiramente inferior ao rexistrado no caso das afiliacións á Seguridade Social (-2,4%) e os dos postos de traballo equivalentes a tempo completo reflectidos nas contas económicas de Galicia (-4%). Comparado co acontecido no conxunto do Estado, o proceso de destrución do emprego no último ano é inferior en Galicia que no mercado laboral español: a poboación ocupada descende un 3,5% fronte aos 3,0% no caso das afiliacións á Seguridade Social e o 5,5% sinalado nas contas económicas.

Centrándose na análise das cifras totais da ocupación estimadas pola EPA, a destrución do emprego prodúcese en maior medida novamente entre as persoas máis vulnerables: asalariados con contratos temporais, os máis novos, traballadores con xornada a tempo parcial e con menores niveis educativos. Se ben é certo que a poboación ocupada redúcese tanto en homes como en mulleres e tanto no conxunto de traballadores por conta propia e conta allea, estas caídas son moito máis acusadas no caso das mulleres e das persoas ocupadas por conta propia.

Dunha banda, por quinto trimestre consecutivo prodúcese un descenso da ocupación entre as mulleres, que no terceiro trimestre de 2020 se sitúa no 3% (15.600 mulleres ocupadas menos) fronte ao -0,1% estimado no mesmo período do ano anterior (500 persoas). Este descenso foi 1,3% no caso dos homes (7.400 ocupados menos) o que contrasta co incremento do 1,7% experimentado no ano anterior (9.600 persoas ocupadas máis). Atendendo á situación profesional dos ocupados, por cuarto trimestre consecutivo redúcese a ocupación por conta propia tanto dos empresarios sen asalariados como daqueles con traballadores, sendo esta caída moito máis acusada no caso dos empresarios sen asalariados (-8,2% menos; 11.800 persoas) que nos empregadores (-2,8%, 1.800 ocupados menos). Entre os traballadores por conta allea, o devandito descenso prodúcese tan só no caso do emprego no sector privado, cun axuste de 2,7% respecto ao ano anterior (19.100 persoas asalariadas menos), aumentando o emprego público un 5,9% (11.000 persoas máis). Entre os asalariados, o axuste do emprego concéntrase naquelas persoas con contratos

temporais, descendendo a ocupación un 11,1% (27.100 persoas menos), aumentando por contra un 2,9% a ocupación entre aquelas persoas con contratos indefinidos (18.800 persoas). No concernente á duración da xornada de traballo, o emprego a tempo parcial descende un 10,4% no terceiro trimestre do ano fronte ao incremento do 7,7% no ano anterior, reducíndose un 0,8% no que á xornada de traballo a tempo completo (-0,2% en 2019). Por último, cómpre resaltar a caída do 15,6% do emprego entre as persoas que teñen unha formación igual ou inferior a estudio primarios e do 8,1% no caso da educación secundaria segunda etapa, aumentando un 4,6% no caso da educación superior (2,1% no ano anterior).

Poboación ocupada en Galicia 2019-2020. Taxas de variación interanual

Datos en %	2019				2020		
	I	II	III	IV	I	II	II
Poboación ocupada	2,9	2,1	0,8	0,7	0,3	-4,4	-2,1
Homes	2,2	2,6	1,7	1,5	2,6	-3,7	-1,3
Mulleres	3,6	1,6	-0,1	-0,2	-2,3	-5,2	-3,0
16-24 anos	-3,9	4,9	9,3	7,3	14,8	-21,2	-24,8
25-34 anos	0,6	-1,3	-1,8	-2,7	-5,1	-13,3	-8,6
35-44 anos	1,0	0,9	-1,5	-1,6	-2,0	-5,2	-3,1
45-54 anos	4,6	3,9	2,6	2,2	0,0	-2,6	0,0
Maiores 55 anos	6,6	4,3	2,8	4,2	6,6	5,5	7,1
Empregado por conta propia	-1,5	5,7	-0,1	-1,0	-2,1	-10,0	-6,9
Empregador	-5,5	0,9	-7,8	-2,1	-1,4	-8,4	-2,8
Empresario sen asalariados	2,5	7,4	4,0	-1,4	-2,4	-9,0	-8,2
Membro dunha cooperativa	6,3	29,4	0,0	12,5	-11,8	-54,5	-25,0
Axuda empresa familiar	-39,5	11,5	-3,4	28,9	2,2	-30,9	-17,9
Empregado por conta allea	4,1	1,3	1,0	1,1	0,8	-3,0	-0,9
Sector público	0,8	-5,1	-1,9	-0,9	-0,4	3,9	5,9
Sector privado	5,0	3,1	1,9	1,7	1,1	-4,8	-2,7
Asalariado cont. Indefinido	5,2	1,5	0,1	1,2	1,8	3,1	2,9
Asalariado cont. Temporal	0,9	0,6	3,6	0,9	-2,1	-19,6	-11,1
Analfabeto ou estudios primarios	-31,1	-33,3	-28,8	-31,8	-19,0	-22,8	-15,6
Ed. Secundaria. 1ª etapa	2,1	3,1	4,3	-0,2	-1,6	-4,5	-5,5
Ed. Secundaria. 2ª etapa	8,3	5,2	-0,5	0,0	-1,4	-10,1	-8,1
Ed. Superior	4,3	3,7	2,1	4,4	3,8	0,0	4,6
Xornada tempo completo	1,6	1,3	-0,2	0,6	1,2	-3,1	-0,8
Xornada tempo parcial	11,2	7,2	7,7	1,4	-5,5	-12,3	-10,4

Fonte: IGE

Poboación ocupada en Galicia 2019-2020.

Datos en %	2019				2020		
	I	II	III	IV	I	II	II
Poboación ocupada	1.080,2	1.098,8	1.105,7	1.096,0	1.083,0	1.050,4	1.082,6
Homes	560,2	574,0	584,3	577,1	574,8	552,8	576,9
Mulleres	520,0	524,8	521,3	518,9	508,2	497,6	505,7
16-24 anos	34,4	40,5	47,1	41,4	39,5	31,9	35,4
25-34 anos	190,7	193,7	189,7	189,1	181,0	167,9	173,4
35-44 anos	327,7	330,5	331,4	327,9	321,1	313,3	321,1
45-54 anos	316,8	321,3	325,1	322,9	316,7	313,0	325,2
Maiores 55 anos	210,6	212,7	212,4	214,7	224,6	224,3	227,4
Empregado por conta propia	214,9	222,6	216,7	212,2	210,4	200,3	201,7
Empregador	64,7	66,5	65,2	66,7	63,8	60,9	63,4
Empresario sen asalariados	144,0	147,0	144,4	138,9	140,5	133,7	132,6
Membro dunha cooperativa	1,7	2,2	1,6	1,8	1,5	1,0	1,2
Axuda empresa familiar	4,6	6,8	5,6	4,9	4,7	4,7	4,6
Empregado por conta allea	865,1	876,2	888,7	883,3	872,1	850,0	880,6
Sector público	189,6	184,8	186,4	188,7	188,9	192,0	197,4
Sector privado	675,5	691,4	702,3	694,6	683,2	658,0	683,2
Asalariado cont. Indefinido	641,5	642,4	645,0	654,4	653,3	662,0	663,8
Asalariado cont. Temporal	223,6	233,7	243,8	228,9	218,8	188,0	216,7
Analfabeto ou estudios primarios	33,7	33,4	32,6	26,6	27,3	25,8	27,5
Ed. Secundaria. 1ª etapa	324,0	325,8	334,3	323,3	318,8	311,1	315,9
Ed. Secundaria. 2ª etapa	251,3	261,1	264,6	255,4	247,8	234,8	243,2
Ed. Superior	471,3	478,5	474,0	490,7	489,0	478,6	496,0
Xornada tempo completo	920,5	939,4	955,4	943,0	932,0	910,6	947,8
Xornada tempo parcial	159,8	159,4	150,3	153,0	151,0	139,8	134,7

Fonte: IGE

Tal e como se indicaba no anterior informe de conxuntura, os datos do número medio efectivamente traballadas reflicte con maior precisión o comportamento da ocupación dende o comezo da crise sanitaria. Despois do confinamento severo do segundo trimestre do ano, que se traduce nun forte descenso do número de horas, entre xullo e setembro rexístrase un aumento considerable do número de horas efectivamente traballadas, acadando as 31,0 horas de media na semana de referencia. Non obstante, esta recuperación é unha mellora parcial das perdas rexistradas, xa que no momento da crise sanitaria o número medio de horas ascendía a 34,0 horas, un 8,8% máis. Se o horizonte temporal se amplía ata o ano 2009, o dato do terceiro trimestre do ano tan só é superior ao do trimestre anterior (25,4 horas de media traballadas na semana).

O número medio de horas traballadas

ascende a 33,5 no caso dos homes e ata as 28,2 horas entre as mulleres. En termos interanuais, o número de horas efectivamente traballadas descende un 2,2% (0,7 horas menos), situándose esta caída no 3,1% no caso das mulleres (0,9 horas menos) e no 1,5% no dos homes (0,5 horas).

Número medio de horas efectivas traballadas por toda a poboación ocupada (traballara ou non na semana de referencia) en Galicia 2018-2020. Distribución segundo sexo.



Fonte: IGE

Atendendo á desagregación segundo ramas de actividade, os datos da EPA indican que a devandita caída do número de horas non se produce de xeito xeneralizado. Dunha banda, cómpre resaltar o incremento do 9,3% (2,9 horas) no caso do sector enerxético e do 8,9% no da industria extractiva (2,9 horas), que máis que duplican o incremento experimentado no subsector da agricultura, gandería, caza e silvicultura (CNAE 01-02), cun 4,4% (2,0 horas). Asemade, a construción e a educación situáronse no terceiro trimestre por riba do seu nivel no ano anterior, cunha medra do 0,8% e 2,8%, respectivamente.

Por contra, as dúas ramas de actividades que presentan a destrución de emprego máis acusada en termos relativos pertencen ao sector da industria manufactureira. No terceiro trimestre do ano as actividades da industria madeira, papel e mobles (13-15) e da industria téxtil do coiro e do calzado (16-17-31) experimentaron unha caída do 10,1% respecto ao número medio de horas traballadas no ano anterior (3,5 e 4,0 horas, respectivamente). O

conxunto das ramas manufactureiras presentan unha caída interanual do número medio de horas traballadas do 5,7% (2,0 horas menos na semana de referencia).

A continuación situaríanse as actividades de transporte e almacenamento (CNAE 49-53) e a hostalería (CNAE 55-56), con caídas do 9,7% (3,4 horas) e 9,5% (3,5 horas) en relación ao número medio de horas traballadas no ano anterior. Fóra do sector servizos salienta o comportamento da pesca e acuicultura (CNAE 03), cun descenso interanual do 9,4% (2,8 horas menos).

Este comportamento é desigual entre homes e mulleres. Entre as mulleres as actividades que presentan unha maior redución do número medio de horas traballadas á semana son a pesca e a construción, cunha caída do 29,8% (8,9 horas) e 20% (6,8 horas), respectivamente; superando ao transporte e almacenamento, cun descenso do 19,5% (6,6 horas); e á hostalería, cun -13,1% (4,6 horas menos de media). No caso dos homes, o téxtil é a rama de actividade que presenta a caída máis elevada, cun 17,9% (6,4 horas menos), superando á industria da madeira e á industria da alimentación, cuxos descensos foron do 12,6% (5,1 horas) e 11,4% (4,5 horas menos), respectivamente.

En sentido contrario, as actividades que rexistran un maior incremento do número medio de horas traballadas na semana de referencia ente as mulleres son a venta e reparación de vehículos de motor (30,9%; 8 horas); a agricultura, gandería, caza e silvicultura (12,2%; 5,7 horas); a metalurxia (11,4%; 3,1 horas) e o comercio por xunto (8,4%; 2,5 horas). Entre os homes cómpre mencionar á educación, cunha medra do 12,1% (2,1 horas máis á semana) e as actividades de información, financeiras e inmobiliarias, cun 4,2% (1,3 horas).

No que á situación profesional se refire, a recuperación entre os empresarios con e sen asalariados se produce con maior intensidade que no caso dos asalariados do sector privado. O descenso interanual experimentado entre os empresarios con asalariados foi do 2,2% fronte ao 38,5% do trimestre anterior, e entre os traballadores independentes ou empresarios sen asalariados a redución foi do 1% fronte ao 36,1% do segundo trimestre. O número medio de horas efectivamente traballadas entre os asalariados do sector privado redúcese un 2,3% fronte ao 26,7% do trimestre anterior, permanecendo estable no caso dos empregados públicos (-8,8% no segundo trimestre).

O comportamento experimentado entre os homes e mulleres é desigual. Dunha banda, cómpre resaltar que mentres que os empresarios con asalariados as horas efectivamente traballadas é no terceiro trimestre de 2020 xa superior ao acadado no ano anterior (0,7%; 0,3 horas de media), entre as mulleres o número de horas reduciuse un 5,6% (2,2 horas menos de media).

Número medio de horas efectivas traballadas por toda a poboación ocupada (traballara ou non na semana de referencia) en Galicia. Distribución segundo rama de actividade no emprego principal.

Número de horas	2019				2020				
	I	II	III	IV	I	II	III	horas	(%)
Total	34,4	34,3	31,7	34,0	32,3	25,4	31,0	-0,7	-2,2%
Agricultura e pesca (01-03)	43,2	40,5	41,8	40,4	41,5	40,6	43,1	1,3	3,1%
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura (01, 02)	47,3	43,7	45,7	44,4	46,3	47,1	47,7	2,0	4,4%
Pesca e acuicltura (03)	27,2	27,1	29,9	29,9	28,8	24,8	27,1	-2,8	-9,4%
Industrias extractivas (05-09)	38,4	39,9	32,7	39,6	38,1	30,1	35,6	2,9	8,9%
Industria manufactureira (10-33)	36,2	36,7	35,0	35,6	34,1	25,8	33,0	-2,0	-5,7%
Industria da alimentación, bebidas e tabaco (10-12)	36,8	36,9	36,5	36,0	35,4	30,3	34,3	-2,2	-6,0%
Industria téxtil do coiro e do calzado (13-15)	34,3	36,2	34,5	35,6	31,5	22,6	31,0	-3,5	-10,1%
Industria da madeira, papel e mobles (16,17, 31)	36,4	36,3	39,5	35,6	33,0	22,8	35,5	-4,0	-10,1%
Metalurxia e produtos metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria (24-28)	35,1	36,8	33,5	34,2	34,5	25,6	32,6	-0,9	-2,7%
Fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais (29, 30, 33)	36,4	36,3	34,5	35,7	33,3	23,8	33,0	-1,5	-4,3%
Resto da industria manufactureira (18-23,32)	37,5	37,3	31,9	36,5	34,5	24,2	30,2	-1,7	-5,3%
Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos (35-39)	37,3	34,6	31,2	33,0	33,9	32,8	34,1	2,9	9,3%
Construción (41-43)	36,5	37,2	35,8	36,4	32,6	24,8	36,1	0,3	0,8%
Construción (41-43)	36,5	37,2	35,8	36,4	32,6	24,8	36,1	0,3	0,8%
Servizos									
Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas (45)	36,9	37,8	33,0	34,8	35,0	22,1	34,2	1,2	3,6%
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas (46)	37,9	38,2	32,4	37,1	34,8	24,4	32,6	0,2	0,6%
Comercio a retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas (47)	34,6	33,6	33,2	34,2	31,7	24,6	31,7	-1,5	-4,5%
Transporte e almacenamento (49-53)	36,4	34,2	35,1	36,9	34,0	26,0	31,7	-3,4	-9,7%
Hostalaria (55, 56)	35,0	38,0	36,8	37,2	31,0	11,3	33,3	-3,5	-9,5%
Actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais (58-82)	34,2	33,3	29,6	32,8	32,2	29,0	30,3	0,7	2,4%
Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria (84)	31,9	32,5	28,3	33,0	29,7	28,0	27,3	-1,0	-3,5%
Educación (85)	30,3	29,7	17,8	29,8	28,9	26,5	18,3	0,5	2,8%
Actividades sanitarias (86)	33,5	32,9	29,0	33,1	33,4	28,5	29,1	0,1	0,3%
Asistencia en establecementos residenciais (87)	32,7	30,2	28,4	32,7	32,6	28,4	28,4	0,0	0,0%
Actividades de servizos sociais sen aloxamento (88)	27,0	27,0	26,6	28,5	30,3	19,8	25,4	-1,2	-4,5%
Resto de servizos (90-99)	27,4	27,9	26,3	27,2	24,3	16,2	26,1	-0,2	-0,8%

Fonte: IGE

Doutra banda, no que ao traballo por conta allea se refire, entre os homes aumenta as horas no sector público un 0,4% e descende un 0,9% no ámbito privado, en tanto que entre as mulleres, redúcese o emprego no sector público un 0,4% e un 4,2% no sector privado. Asemade, no que ao traballo dos autónomos se refire, redúcese o número de horas un 1,5% entre as mulleres (0,6 horas menos), mentres que entre os homes esta caída é do 0,9% (0,3 horas menos).

Poboación parada

No que ás persoas en situación de desemprego se refire, a poboación parada estimada pola EPA ascende en Galicia ata as 144.800 persoas no terceiro trimestre do ano, o que supón 1.300 persoas máis que no mesmo período do ano anterior, das que 75.900 son mulleres e 69.000 homes. En termos relativos, o desemprego medrou un 0,9% respecto ao ano precedente, cando no segundo trimestre esta va-

riación interanual fora do 1,5%. Tras esta evolución, a taxa de paro en Galicia situouse no 11,8%, tres décimas máis que no ano anterior, situándose esta porcentaxe no 16,3% no conxunto do Estado. Cómpre insistir en que esta evolución non reflicte totalmente o impacto da crise da COVID xa que hai persoas que perden o emprego e están contabilizadas como inactivas.

O devandito incremento do desemprego do 0,9% estimado na Enquisa de Poboación Activa contrasta co incremento do 14,5% do número de persoas rexistradas nas oficinas de emprego en Galicia, situándose esta porcentaxe no 24% no conxunto do Estado (17,6% e 24,8% no segundo trimestre do ano, respectivamente). Cómpre destacar que no terceiro trimestre do ano anterior a poboación parada reflectida na EPA descendera un 6,2% en Galicia (-3,4% en España) e o paro rexistrado o fixera un 6,6% (-3,8%).

Un dos aspectos máis importantes a ter en conta á hora de analizar a evolución do desemprego é a incidencia do paro de longa duración. Ao contrario do acontecido coa poboación parada total, que presenta un incremento do 0,9%, no terceiro trimestre do ano 2020 o número de persoas en situación de desemprego de longa duración redúcese un 5,3% respecto ao mesmo período do ano anterior, acadando as 53.700 persoas (3.000 persoas menos). O número de persoas nesta situación de desemprego representa o 37,1% da poboación parada total, case dous puntos porcentuais e medio inferior ao do mesmo período do ano anterior, sendo esta porcentaxe a máis reducida nun terceiro trimestre dende o ano 2009.

Evolución do desemprego e do paro de longa duración 2009-2019



Fonte: IGE

A taxa de paro en Galicia situouse no 11,8% no terceiro trimestre do ano, tres décimas por riba do estimado no mesmo período do ano anterior, ascendendo a taxa de para ata o 13% entre as mulleres e o 10,7% entre os homes. Mentres que a taxa de paro feminina sitúase tres décimas por baixo do nivel acadado en 2019, entre os varóns a taxa de paro aumenta en nove décimas.

As persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios son os colectivos máis afectados polo

Poboación parada e da taxa de paro en Galicia 2019-2020

Número de horas	2019				2020		
	I	II	III	IV	I	II	III
Poboación parada	153,9	140,4	143,5	145,8	156,8	142,5	144,8
Homes	77,5	68,9	63,7	66,2	71,9	71,8	69,0
Mulleres	76,5	71,4	79,7	79,5	84,9	70,7	75,9
(en miles de persoas)							
Paro de longa duración	59,9	56,0	56,7	55,7	55,4	40,1	53,7
(taxa de variación interanual %)							
Poboación parada	-17,5	-19,8	-6,2	-2,1	1,9	1,5	0,9
Homes	-14,9	-16,3	-11,5	-8,9	-7,2	4,2	8,3
Mulleres	-19,8	-23,1	-1,6	4,3	11,0	-1,0	-4,8
Paro de longa duración	-30,8	-30,8	-10,4	-9,0	-7,5	-28,4	-5,3
(porcentraxe de poboación activa; %)							
Taxa de paro							
Total	12,5	11,3	11,5	11,7	12,6	11,9	11,8
Homes	12,1	10,7	9,8	10,3	11,1	11,5	10,7
Mulleres	12,8	12,0	13,3	13,3	14,3	12,4	13,0
Segundo nivel de estudios							
Estudios primarios	30,6	25,6	26,7	29,5	27,2	26,0	22,6
ESO. 1ª etapa	15,8	15,2	13,2	13,7	15,2	13,7	12,9
ESO. 2ª etapa	13,9	11,8	13,2	13,0	14,1	12,5	13,2
Educación superior	7,4	7,0	7,9	8,4	9,0	9,6	9,7
Segundo grupos de idade							
Menores de 25 anos	31,5	26,8	26,2	27,4	28,1	34,3	36,6
De 25 a 54 anos	12,1	10,9	10,9	11,2	12,5	11,8	11,1
Maiores de 55 anos	9,8	9,5	10,0	10,1	9,9	8,1	8,9
Segundo nacionalidade							
Española	11,9	10,8	10,7	11,0	12,0	11,3	11,1
Estranxeira	23,2	21,9	24,9	25,3	24,8	23,2	22,5

Fonte: IGE

desemprego. Dunha banda, a taxa de paro entre os menores de 25 anos ascende ata o 36,6%, máis de dez puntos por riba do estimado no ano anterior (26,2%), mentres que entre as persoas de 25 a 54 anos a taxa de paro sitúase no 11,1% (10,9% no ano anterior) e entre os maiores de 55 anos descende ata o 8,9% no último trimestre (10% no terceiro trimestre de 2019). Doutra banda, atendendo ao nivel de estudos rematados, a taxa de paro sitúase no 22,6% no caso das persoas con estudos primarios, catro puntos menos que no ano anterior, e no 9,7% entre aquelas con educación superior, case dous puntos máis que en 2019 (7,9%). Por último, no terceiro trimestre de 2020 a taxa de paro entre as persoas con nacionalidade española era do 11,1% fronte ao 22,5% entre os estranxeiros, se ben descende entre as persoas de nacionalidade estranxeira a diferenza do que acontece entre os españois (24,9% e 19,7%, respectivamente).

Expedientes de regulación temporal de emprego - ERTE

Os expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE) en Galicia continuaron no terceiro trimestre do ano a tendencia decrecente experi-

ERTEs en Galicia. Evolución 2º e 3º trimestre 2020



Fonte: Ministerio de Traballo e CC.OO

mentada no segundo trimestre, se ben a súa intensidade no descenso foise freando ata chegar a unha case estabilización nas últimas semanas no entorno dos 20.000 ERTEs na Comunidade. Nomeadamente, na última semana de setembro eran 18.806 os ERTEs en Galicia (un 59% nas mulleres e 41% nos homes) fronte aos 40.166 de principios de xullo (57% en mulleres e 43% en homes).

Canto á afectación sectorial, as actividades máis afectadas foron a hostelaria (servizos de aloxamento e servizos de comidas e bebidas) xunto coas actividades comercias (tanto o comercio polo miúdo como o comercio ao por maior, xunto coas actividades de reparación.

Poboación inactiva

A poboación inactiva galega experimentou no terceiro trimestre de 2020 unha medra significativa en relación ao mesmo período do ano anterior. No último trimestre Galicia conta con 1.111.600 persoas, o que supón un incremento interanual do 2,3%, o que equivale a 24.900 persoas máis. Se a comparación se realiza coa evolución experimentada no mesmo trimestre de anos anteriores, este comportamento contrasta co incremento do 0,2% do ano anterior ou as caídas de 2017 ou 2015 (-0,1% e -1%, respectivamente).

Cómpre resaltar o desigual comportamento entre homes e mulleres. Así, do devandito incremento de 24.900 persoas inactivas, 21.300 son mulleres e tan só 3.600 homes. Asemade, se se consideran os activos potenciais, estes incrementos interanuais ascenderon a 10.100 no caso das mulleres e 5.100 no dos homes. Tendo en conta esta evolución, no terceiro trimestre de 2020, Galicia contaba con 37.800 persoas inactivas consideradas como activos potenciais fronte ás 65.700 do trimestre anterior, das que o 62,2% son mulleres (23.500 persoas).

Fluxos da poboación activa

A estatística de fluxos de entrada e saída do mercado de traballo reflectida pola EPA, que recolle as transicións observadas entre ocupación, paro e inactividade permite unha análise complementaria ao impacto da COVID no mercado de traballo. Como se desprende dos gráficos seguintes, o terceiro trimestre do ano 2020, por mor do levantamento das restricións de mobilidade e limitacións de actividade existentes no trimestre anterior caracterízase por unha importante medra da entrada de efectivos na actividade, que acada o valor mais alto nun terceiro trimestre dende a recuperación económica.

Neste último trimestre pasaron a formar parte da poboación activa galega un total de 94.700 persoas, das que 40.000 o fixeron cara á ocupación e 54.700 persoas integráronse como

parados. Por contra, 61.200 persoas abandonaron este colectivo polo que o saldo entre as entradas e as saídas da actividade foi positivo (33.500 entradas máis que saídas) a diferenza do que acontecía no trimestre anterior (39.900 saídas máis).

O fluxo de entrada á ocupación no terceiro trimestre de 2020 en Galicia situouse en 83.500 persoas, un 78% máis en relación ao trimestre precedente, dos que 40.000 proceden da inactividade e 43.500 saen do desemprego. No trimestre anterior, tan só entraron da inactividade un total de 17.700 persoas e 29.200 abandonan o desemprego. Pola contra, saíron da ocupación un total de 52.800 persoas, un 32% menos que no segundo trimestre (24.900 persoas), polo que o saldo positivo ascende a 30.700 efectivos, a diferenza do que acontece no trimestre anterior (30.800 saídas máis que entradas).

No que respecta aos fluxos de paro, o número de persoas que estaban paradas no segundo trimestre do ano e agora non o están ascende a 73.100 persoas, un 7,8% menos que no ano anterior, das que 43.500 persoas dirixense á ocupación e as 29.600 restantes pasan a formar parte da poboación inactiva. Como se reflicte no gráfico anterior, no segundo trimestre do ano as saídas do desemprego cara á inactividade eran significativamente

Fluxos da poboación activa no terceiro trimestre de 2020 (entre paréntese os datos do segundo trimestre)



Fonte: IGE

Evolución dos fluxos da poboación activa no terceiro trimestre de 2016-2020



Fonte: IGE

superiores e as que se dirixían cara a ocupación sensiblemente inferiores por mor das restricións da mobilidade e as limitacións da actividade. No que atinxe aos movementos en sentido contrario, no terceiro trimestre do ano entraron a formar parte da poboación parada un total de 75.900 persoas, das que 54.700 proceden da inactividade (24.000 máis que no trimestre anterior) e 21.200 da ocupación (40.500 persoas no trimestre anterior).

Se a comparación do volume de fluxos se realiza cos terceiros trimestres dos anos anteriores, cómpre salientar que no terceiro trimestre de 2020 o saldo neto dos fluxos de persoas en relación á actividade se eleva ata os 33.500 efectivos, cando no mesmo trimestre do ano anterior ascendía a 9.100 persoas e a media no período 2013-2019 era tan só de 3.500. Como se reflicte no gráfico seguinte, os fluxos de entrada son un 50,1% superior aos de 2019, e os de saída de tan só un 13,3%.

A devandita evolución ven como resultado dun incremento do saldo neto dos fluxos relativos á ocupación, que se sitúan en 30.800 efectivos, o máis elevado dende o ano 2013, así como do mantemento do saldo negativo rexistrado no terceiro trimestre de 2019, que ascende a 2.800 efectivos (entran máis persoas no paro das que saen). Neste último caso, cómpre mencionar que no ano anterior o saldo neto negativo ascendía a 4.000 persoas, en tanto que no período 2013-2019 saían do paro 16.300 efectivos máis das que entraban.

DEMOGRAFÍA EMPRESARIAL NA EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL. O QUE DIN AS ESTATÍSTICAS

INTRODUCCION

Nun entorno global complexo como o que caracteriza ás relacións económicas dende a crise económica do ano 2008 a análise das pequenas e medianas empresas (pemes) adquiren un papel relevante xa que estas constitúen a columna vertebral dunha economía. Dunha banda, e tal e como indica Jean-Claude Juncker, as microempresas e as pemes son o motor da economía europea ao impulsar a creación de emprego e o crecemento económico, ademais de garantir a estabilidade social. (Comisión Europea, 2020). Con todo, é importante destacar a necesidade dunha economía de contar cun número importante de grandes empresas, xa que son estas ás que teñen unha maior capacidade para facer fronte aos retos de transformación, internacionalización, innovación… necesarios. Doutra banda, cómpre resaltar que o dinamismo empresarial non só fomenta a competencia e mellora a produtividade, senón que adquire unha especial relevancia perante a necesidade dunha transformación da estrutura produtiva ante os retos da dixitalización e o cambio climático. (García, P. 2020)

Tendo en conta as dificultades para unha definición común de pequena e mediana empresas, a Recomendación 2003/361/CE da Comisión Europea (Comisión Europea, 2003) establece como criterio obrigatorio o seu número de efectivos xunto co requisito relativo ao seu volume de negocios ou ben o que fai referencia ao seu balance xeneral anual. O obxectivo de poder elixir entre estes dous último indicadores é garantir un trato xusto para as micropemes e pemes dos distintos sectores xa que pola súa natureza, as empresas pertencentes as ramas económicas do comercio e a distribución presentan unhas cifras de negocios superiores ás do sector industrial.

Con todo, as principais estatísticas empregadas soen utilizar, por simplicidade, o concepto de número de empregados como criterio único (Fariñas, J.C. e Huergo, E., 2015). Atendendo a este indicador considérase microempresas aquelas que ocupan a menos de 10 traballadores; pequenas empresas, de 10 a 49 persoas; medianas empresas, entre 50 e 249 traballadores; e grandes empresas as que ocupan a 250 ou máis traballadores.

O obxectivo principal deste comentario é reflectir os principais indicadores da demografía empresarial na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal dende o comezo da crise económica de 2008, establecendo unha comparación tanto con España e Portugal como coas principais

1- Considéranse como efectivos aos asalariados; ás persoas que traballan para a empresa, que estean destinados temporalmente nela y estean asimiladas a asalariados; aos propietarios que dirixen a súa empresa; aos socios que exerzan unha actividade regular na empresa e disfruten de vantaxes financeiras por parte desta. Por contra, o concepto de efectivos non inclúe os aprendices ou alumnos de formación profesional con contrato de aprendizaxe ou formación profesional; nin ás empregadas que se atopen de baixa por maternidade ou persoas que estean a disfrutar dun permiso parental.

economías europeas. Así, Eurostat constitúe a fonte estatística de referencia ao proporcionar información harmonizada e por tanto permitir a comparación entre países e rexións.

A pesar desta vantaxe de harmonización, o principal problema para a análise a nivel rexional é a ausencia dunha diferenciación entre microempresas, pequenas, medianas e grandes empresas. Para este nivel de desagregación territorial a agrupación empresarial tan só se refire a empresas sen asalariados, de 1-9 asalariados e máis de dez, polo que non se pode analizar as pequenas, medianas e grandes empresas por separado.

Co devandito obxectivo este comentario presenta tres grandes bloques. O primeiro bloque describe o panorama xeral da estrutura e a demografía empresarial no conxunto da Unión Europea e nas principais economías. Comeza cunha análise da evolución da distribución empresarial a partir da crise económica de 2008 atendendo ao seu tamaño e distinguindo entre a industria manufactureira, a construción e o sector servizos. Posteriormente considérase a mobilidade empresarial atendendo aos indicadores da taxa de nacemento e defunción empresarial, a taxa de renovación ou rotación de empresas así como a taxa de supervivencia nos cinco primeiros anos de vida. Por último faise mención ao indicador do Doing Business e aos seus parámetros, facendo especial mención ao caso español e portugués.

O segundo bloque céntrase nas características da distribución das empresas na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal segundo o seu tamaño, así como no fluxo empresarial (entradas e saídas) e a taxa de supervivencia. A diferenza do que acontece a nivel país, a desagregación do tamaño empresarial non se adapta ás recomendacións da propia Comisión europea (2003) e a supervivencia empresarial se mide tan só no terceiro ano dende a súa creación. Ao igual que no primeiro bloque, pártese dunha análise da estrutura empresarial na Eurorrexión para centrarse posteriormente na mobilidade empresarial atendendo ao comportamento das devanditas taxas.

Por último, o terceiro apartado recolle as principais conclusións do informe a partir dos datos presentados nos apartados anteriores.

1. PANORAMA XERAL

(i) Estrutura empresarial

O número total de empresas activas en España no ano 2018 englobadas por Eurostat baixo o agregado "business economy exccept activities of holding companies" ascendeu a 3.062.989 das que un 56,8% non teñen empregados. Este predominio é unha característica común ao conxunto da Unión Europea e ás principais economías, se ben o seu peso difire duns países a outros e entre os diferentes sectores. Así, no conxunto da UE-27 esta porcentaxe ascende ata o 60,3%, ascendendo en Francia ata o 70,8%, e en Italia e Portugal ata o 64%; por contra, en Alemaña representa o 41,1%.

Estas porcentaxes varían segundo sectores, rexistrando a proporción máis baixa a industria manufactureira, onde o 36,2% das empresas non teñen empregados en España fronte ao 48,3% da Unión Europea ou o 25,3%

Cadro 1. Peso relativo da empresas sen traballadores 2018. Distribución segundo sectores

	Total	Industria manufactureira	Construción	Servizos
UE-27	60,3%	48,3%	61,4%	61,4%
UE-28	55,5%	45,5%	56,8%	56,4%
Alemaña	41,1%	25,3%	34,0%	44,0%
España	56,8%	36,2%	62,9%	57,2%
Francia	70,8%	59,1%	68,7%	72,3%
Italia	63,8%	39,9%	62,6%	67,1%
Portugal	64,1%	42,9%	54,3%	67,1%
Reino Unido	8,8%	8,2%	12,7%	8,1%

Fonte: Eurostat

de Alemaña. No caso da construción, a porcentaxe de empresas sen asalariados ascende ata o 62,9% en España porcentaxe similar ao de Italia e a UE-27 (62,6% e 61,4%, respectivamente) aínda que moi por riba do rexistrado en Alemaña, cun 34% (en Portugal ascende a 54,3%). No ámbito das actividades do sector servizos, o 57,2% das empresas non teñen empregados, porcentaxe inferior ao da UE, cun 61,4% ou Italia e Portugal, cun 67,1% (44% en Alemaña).

Atendendo á clasificación das empresas segundo o seu tamaño definido pola Comisión (2003), do mencionado anteriormente dedúcese o predominio de micropemes e a súa desigual distribución. Dunha banda, o 94,4% das empresas españolas ocupan a menos de dez asalariados, situándose esta porcentaxe lixeiramente por riba da rexistrada no conxunto da UE-27 (93,1%) aínda que lonxe dos 83,2% de Alemaña. Francia, Italia ou Portugal presentan unha porcentaxe similar á española, situándose no 90,2% no Reino Unido. Por outra banda, o 2,5% das empresas alemás teñen 50 ou máis traballadores fronte ao 1,1% da UE-27 ou o 0,7% de España, Francia e Portugal.

Os sectores da construción e os servizos son os que presentan o maior peso relativo das empresas con menos de dez asalariados, ao acoller o máis do 95% das empresas deses sectores en España. Como se aprecia no gráfico 1, esta porcentaxe é significativamente inferior no caso da industria manufactureira, onde as microempresas representa o 82,4% do total, oito décimas menos que na UE-27. Por contra, en Alemaña as microempresas no sector manufactureiro representan o 61,7%. Por contra, as grandes empresas ma-

Gráfico 1.- Distribución do número de empresas segundo o seu tamaño e sector económico. 2017



Fonte: Eurostat

nufactureiras representan o 0,5% das empresas do sector en España (0,8% na UE-27) o que contrasta co 2,4% en Alemaña, en tanto que as medianas empresas supoñen o 8,9% fronte ao 2,4% en España (3,3% na UE).

A pesar da devandita estrutura empresarial, se se considera a distribución do emprego e a achega do valor engadido xerado en cada grupo de empresas a foto é ben distinta. No que á ocupación se refire, as empresas de menos de traballadores concentran o 37,7% do emprego en España, porcentaxe inferior á experimentada en Portugal, cun 40,3% e Italia, co 43,6%. Como reflicte o gráfico 2., en Alemaña as microempresas acollen ao 19,1% dos empregados e no conxunto da UE, o 29,9%. Por contra, as grandes em-

Gráfico 2.- Distribución do emprego segundo o seu tamaño empresarial e sector económico. 2017



(1) No conxunto das empresas consideradas en Italia, o 43,6% son microempresas e o 12,8% pequenas empresas; en Portugal, as microempresas representan o 40,3% do total e as pequenas empresas un 20,4%.
(2) No ámbito do sector servizos en Portugal, o 49,2% das empresas do sector son microempresas, e un 16,3% teñen a consideración de pequenas empresas.
Fonte: Eurostat

presas, que tan só representan o 0,1% das empresas activas analizadas, ocupan ao 28,2% do emprego, lonxe do 36,8% de Alemaña ou o 33% da UE.

No ámbito da industria manufactureira as empresas con menos de dez traballadores (82,4% das empresas) acollen o 17,5% do emprego en tanto que as grandes empresas (o 0,5%) concentran o 31,2% do emprego total. Como reflicte o gráfico 2., en Alemaña as microempresas manufacturei-

ras concentran o 6% do emprego e as grandes o 55,1% (13% e 44,5% na UE, respectivamente).

No que atinxe á achega do valor engadido por parte das empresas segundo o seu tamaño, a pesar de que as grandes empresas tan só representan o 0,1% do tecido empresarial analizado, estas xeran o 38,6% do valor engadido en España. En Francia, cun peso empresarial similar, as grandes empresas xeran o 55,5% do total, superando o 44% na Unión Europea (0,2% das empresas) e o 45% en Alemaña (0,5%

Gráfico 3.- Distribución do valor engadido xerado nas empresas segundo o seu tamaño e sector económico. 2017



(1) Para o conxunto das empresas activas non se dispoñen de todos os datos. Para o conxunto das Unión Europea de 28 países, as empresas medianas representan o 18,6% (na UE-27 o 18%) do total e as grandes empresas o 44,1% (UE-27 o 45,2%); en Italia, as denominadas microempresas supoñen o 26% das empresas e as empresas medianas o 17,6%; e en Portugal as microempresas representan o 24,3% e as pequenas empresas o 21,6%.

(2) Para o sector servizos, as microempresas representan en Portugal o 32,2% e as pequenas empresas o 21,6%.

Fonte: Eurostat

do tecido empresarial considerado na estatística de Eurostat. Se se consideran as medianas e grandes empresas no seu conxunto (más de 50 traballadores), en España estas empresas xeran o 56,6% do veb (0,7% das empresas), porcentaxe moi por baixo do rexistrado en Alemaña ou Francia, co 65,9% e 68,1% do seu veb, respectivamente (3% e 0,7% das empresas), situándose en torno ao 63% na Unión Europea (1,1% das empresas).

Cómpre insistir en que esta distribución difire entre os grandes sectores económicos, onde as grandes empresas da industria manufactureira xeran o 46,1% do veb en España fronte ao 61,5% na UE-27 ou o 68,8% en Alemaña. Por contra, as denominadas microempresas xeran o 7,9% do veb, cinco puntos por riba do rexistrado en Alemaña e dous por riba da UE-27, mentres que en Italia e Portugal a súa importancia relativa supera o 10%.

(ii) Evolución de empresas activas

No ano 2018 o número de empresas activas en España ("business economy except activities of holding companies") ascende en España a case 3.100.000 empresas, cifra un 6,8% inferior á rexistrada ao comezo da crise económica de 2008. Este comportamento é desigual entre as empresas con e sen asalariados, de xeito que mentres que o número de empresas sen asalariados permanece practicamente constante entre os dous anos considerados, redúcese un 14,5% o das empresas con asalariados. Comparado co resto das economías consideradas, España presenta a maior caída de empresas con asalariados por diante de Portugal (4,3%), rexistrando unha medra os outro catro países.

Os datos do cadro 2 reflicten como Portugal e España presentan as caídas máis acusadas na crise económica (17,6% e 10,2%, respectivamente) por mor da destrución tanto daquelas empresas sen asalariados como das que teñen asalariados. Entre os anos 2008 e 2013 o número de empresas activas sen asalariados redúcese un 21,4% en Portugal fronte ao 6% en España) situándose esta porcentaxe no caso das empresas con traballadores asalariados no 14,8% en España fronte ao 10,6% en Portugal. Por contra, coa recuperación económica o número de empresas activas aumenta tan só un 3,8% en España (6,3% na UE-27),fronte ao incremento do 14,4% en Portugal o 25,2% en Francia, o que contrasta co descenso de Alemaña (-9,4%) ou Italia (-1,2%). Non obstante, se se consideran as empresas con asalariados, España presenta tan só unha medra do 0,4% entre os anos 2013 e 2018 fronte ao 7,4% de Portugal ou o 16,8% de Alemaña (6% na UE-27).

O comportamento ten sido moi desigual atendendo á evolución nos diferentes sectores. Como se reflicte no gráfico 4, as caídas máis acusadas rexístranse no sector da construción tanto en Portugal, España e Italia, por

Cadro 2.- Evolución do número de empresas activas e taxa de empresarialidade

	Empresas activas		Empresas activas sen asalariados		Empresas activas con asalariados		Taxa empresarialidade		
	2013	2018	2013	2018	2013	2018	2008	2013	2018
	(2008 = 100)		(2008 = 100)		(2008 = 100)		(empresas por cada mil activos)		
UE-27								115,8	121,7
UE-28								109,5	116,0
Alemaña	100,0	90,6	100,9	69,2	99,0	115,6	72,4	72,8	64,0
España	89,8	93,2	94,0	100,1	85,2	85,5	143,5	128,1	135,5
Francia	119,1	149,1	126,8	174,0	107,3	110,7	93,9	109,2	135,6
Italia	96,3	94,6	91,2	89,3	106,8	105,4	166,5	157,3	151,4
Portugal	82,4	94,3	78,6	93,5	89,4	95,7	184,5	157,9	182,0
Reino Unido	98,6	119,6	77,9	66,0	102,4	129,7	70,6	67,9	79,5

Fonte: Eurostat

diante da industria manufactureira, a diferenza do que acontece en Alemaña onde a maior destrución de empresas se producen no sector manufactureiro, permanecendo practicamente constante o volume de empresas na construción. No ámbito dos servizos, a caída máis importante de empresas dáse en Alemaña en tanto que permanece relativamente estable en España e Italia.

Gráfico 4. Evolución do número de empresas activas 2008-2018. Distribución segundo sectores. (Base 2008=100)

Total empresas



Industria manufactureira



Construción



Servizos



Fonte: Eurostat

No caso das empresas activas con asalariados, España presenta as caídas máis acusadas en comparación coas outras catro economías europeas analizadas, salientando o forte impacto negativo da crise económica no sector da construción e na industria manufactureira. Entre os anos 2008 e 2018 o número de empresas con asalariados descende un 46,3% na construción e un 24% na industria manufactureira. No sector servizos este descenso foi do 3,6%, o que contrasta co incremento experimentado no resto dos países considerados.

Se a análise se efectúa atendendo ao tamaño empresarial, o número de mi-

Cadro 3.- Estrutura empresarial e evolución do número de empresas activas segundo o seu tamaño

	2010	2013	2017	2018	Variacion 10-13	Variacion 13-17	Variacion 10-18
UE-27							
Microempresas	-	93,4%	93,0%	-		3,0%	
Pequenas	-	5,5%	5,7%	-		11,2%	
Medianas	-	0,9%	0,9%	-		7,4%	
Grandes	-	0,2%	0,2%	-		10,0%	
Alemaña							
Microempresas	-	82,2%	82,1%	-		14,0%	
Pequenas	-	14,9%	15,0%	-		15,3%	
Medianas	-	2,5%	2,5%	-		14,1%	
Grandes	-	0,5%	0,5%	-		13,2%	
España							
Microempresas	93,8%	94,7%	94,4%	94,4%	-5,0%	12,7%	6,7%
Pequenas	5,4%	4,6%	4,9%	4,9%	-19,6%	19,0%	-4,4%
Medianas	0,7%	0,6%	0,6%	0,6%	-16,2%	13,0%	-5,9%
Grandes	0,1%	0,1%	0,1%	0,1%	-8,5%	25,8%	18,6%
Francia							
Microempresas	94,2%	95,1%	95,5%	95,6%	21,2%	-7,3%	15,5%
Pequenas	4,8%	-	3,7%	3,6%	-	-	-14,0%
Medianas	0,8%	0,7%	0,6%	0,6%	-0,8%	-15,6%	-17,5%
Grandes	0,2%	-	0,1%	0,1%	-	-	-10,3%
Portugal							
Microempresas	94,9%	95,3%	95,3%	95,2%	-9,2%	11,6%	4,4%
Pequenas	4,4%	4,0%	4,0%	4,1%	-18,3%	13,3%	-2,6%
Medianas	0,6%	0,6%	0,6%	0,6%	-12,4%	16,2%	6,6%
Grandes	0,1%	0,1%	0,1%	0,1%	-9,0%	21,5%	15,1%
Reino Unido							
Microempresas	89,4%	89,1%	90,1%	90,2%	7,8%	21,6%	34,0%
Pequenas	8,7%	9,1%	8,3%	8,2%	12,0%	10,3%	24,3%
Medianas	1,6%	1,5%	1,3%	1,3%	3,2%	7,6%	14,6%
Grandes	0,0%	0,3%	0,3%	0,3%	3,8%	5,0%	12,7%

Fonte: Eurostat

croempresas, que representan o 94,6% das empresas no último ano, aumentou un 6,7% entre os anos 2010 e 2018, descendendo no caso das pequenas e medianas empresas un 4,4% e 5,9%, respectivamente. O número de empresas con máis de 250 traballadores medrou entre os dous anos considerados un 18,6% (representan tan só o 0,1% do tecido empresarial español). Como reflicte o cadro 3., se coa crise económica tanto España como Portugal presentan unha caída nos catro grupos de empresas considerados, coa recuperación económica estes dous países, ao igual que o conxunto da Unión Europea, Alemaña e o Reino Unido rexistran un incremento do número de empresas activas.

Finalmente, cómpre facer referencia á taxa de empresarialidade, entendida como o número de empresas activas por cada mil persoas activas, e que pode considerarse como un indicador do grado de iniciativa empresarial. O devandito cadro 2 reflicte que no ano 2018 este indicador sitúase en España en 135,5 empresas por cada mil activos, o que supón un descenso do 5,6% respecto ao ano 2008, porcentaxe inferior ao experimentado en Alemaña (11,6%) ou Italia (9,1%), o que contrasta co forte incremento no Reino Unido e sobre todo Francia.

Entre os anos 2008 e 2013 España, ao igual que Italia, Portugal e o Reino Unido, presenta unha caída da súa densidade empresarial (-10,7% en España), aumentando considerablemente en Francia mentres que se mantén relativamente estable en Alemaña. Coa recuperación económica este indicador aumenta en España a un ritmo similar ao da UE-28 (5,8% e 5,9%, respectivamente). Xunto á redución de Alemaña (-12,1%) e Italia (-3,8%) cómpre resaltar a medra experimentada en Portugal (15,8%) e Francia (24,2%).

(iii) Demografía empresarial: creación e destrución de empresas

Xunto á devandita análise da evolución da estrutura empresarial dende o comezo da crise económica de 2008, é importante facer referencia tanto á rotación empresarial, explicada polos fluxos de entrada e saída de empresas, como á supervivencia das mesmas. A taxa de entrada ou creación de empresas (saída ou mortalidade) defínese como a porcentaxe de empresas nadas (mortas) nun ano respecto ao número de empresas activas nese mesmo ano[2], en tanto que por taxa de rotación enténdese a suma das altas e baixas en relación ao total de empresas activas.

Os datos de Eurostat reflicten que

2- Fariña, J.; e Huergo, E. (2005) na súa análise da demografía empresarial en España consideran as taxas de entrada ou saída como a relación entre as altas ou baixas empresariais nun ano determinado sobre as existentes no ano previo.

para o conxunto de empresas analizadas[3] no ano 2018 as taxas de rotación son similares en Alemaña, España e Francia, oscilando entre o 15,7% e 17,7%, situándose esta porcentaxe lonxe dos valores rexistrados no caso do Reino Unido e Portugal, co 24,8% e 28,2%, respectivamente. No ano 2018

Gráfico 6.- Taxas de entrada, saída e rotación empresarial 2018 e promedio 2008-12 e 2013-18



a taxa de rotación en España situouse no 17,7%, porcentaxe similar á da UE-27, co 17,5%, e lixeiramente superior ao do conxunto dos países da zona euro (16,3%). No concernente á creación de empresas, España, ao igual que Portugal, Reino Unido e en menor medida Italia presentan no período 2013-18 taxas superiores en promedio ás rexistradas na crise económica (2008-12). En Portugal e o Reino Unido as taxas de creación de empresas situouse en 15,4% e 14,3%, respectivamente, o que supón unha medra superior a 2,7 puntos porcentuais, en tanto que en España a taxa de creación de empresas foi do 9,4%, 1,6 puntos porcentuais superior á taxa experimentada entre 2008 e 2012. No extremo oposto, Francia e Alemaña presentan na recu-

3- A poboación de referencia corresponde á agregación definida como "Business economy except activities oh holding companies".

peración económica taxas inferiores en 1,4 puntos porcentuais ás experimentadas na época de crise, situándose en promedio no 10% e 7,2%, respectivamente.

De xeito similar, no que á destrución do tecido empresarial se refire, España presentan no período 2008-13 taxas superiores ás de Italia, Francia e Alemaña, aínda que significativamente inferiores ás de Reino Unido e sobre todo Portugal. En promedio, a taxa de mortalidade en España ascende ata o 9,5% cando en Italia, Francia e Alemaña esta porcentaxe sitúase por baixo do 7%. Por contra, en Portugal e o Reino Unido as taxas de saída de empresas situouse en 15,9% e 11,6%, respectivamente. Se se considera o promedio entre os anos 2013-18, a mortandade empresarial redúcese ata o 8,5% en España, máis de tres puntos por riba do estimado en Francia (5,1%), situándose en Alemaña no 8,2%. No extremo oposto, Portugal e o Reino Unido presentan na recuperación económica as taxas máis elevadas situándose en promedio no 12,8% e 10,7%, respectivamente.

Finalmente, cómpre rematar a análise facendo referencia á evolución da taxa de supervivencia das empresas nos diferentes países. Eurostat proporciona datos das empresas creados nun ano e que sobreviven nun período de cinco anos, o que contrasta coa información facilitada a nivel rexional, que tan só da datos relativos ao terceiro ano de vida empresarial.

Tanto aos tres como aos cinco anos de vida, España presenta unha taxa de supervivencia empresarial inferior á media europea, situándose en 2018 no 56,5% no caso das empresas creadas en 2015 (58,5% na UE) e no 43,8% no caso das empresas nacidas en 2013 (45% na UE). Comparado coa situación nas principais economías europeas cómpre mencionar que España presenta unha taxa aos cinco ano sensiblemente superior ás de Alemaña (36,5%) e Portugal (33,7%), sendo tan só inferior ao rexistrado en Francia (50,1%).

Para o caso concreto de España, o gráfico 7 amosa a evolución da supervivencia das empresas españolas tomando como referencia o seu ano de creación. Tomando como referencia os tres anos de vida (dato publicado a nivel rexional, analizado no segundo apartado deste comentario), as porcentaxes máis reducidas rexístranse nos anos 2013 e 2014, onde menos do 52% das empresas creadas en 2010 e 2011 sobreviven, Por contra, 2018 presenta as porcentaxes de supervivencia máis elevadas aos tres anos de vida, xa que o 56,5% das empresas creadas no ano 2015 sobreviven. Se a análise amplíase aos cinco anos de vida, cómpre resaltar que o 43,8% das empresas creadas no ano 2013 sobreviven no ano 2018, o que contrasta co 39,4% rexistrado nas empresas creadas en 2010.

Cadro 4.- Taxa de supervivencia das empresas aos tres e cinco anos da creación 2013-2018. (1) (2)

Datos en % **Taxa de supervivencia aos tres anos**

	UE	Alemaña	España	Francia	Italia	Portugal	Reino Unido
2013		52,3	51,6	54,5	58,0	36,1	56,7
2014		52,2	51,9	59,2	54,3	39,2	60,1
2015	55,9	50,0	54,1	60,0	52,6	40,6	58,9
2016	57,2	49,2	55,1	60,7	53,9	44,9	60,3
2017	57,6	52,1	53,7	59,7	58,4	44,4	60,6
2018	58,5	50,7	56,5	62,3	60,3	45,7	55,1

Datos en % **Taxa de supervivencia aos cinco anos**

	UE	Alemaña	España	Francia	Italia	Portugal	Reino Unido
2013		38,68	41,0	52,9	47,5	22,6	35,3
2014		38,95	40,2	43,7	44,8	24,0	40,7
2015		38,3	39,4	44,2	44,0	25,4	41,0
2016		38,6	39,7	48,2	41,8	28,5	43,6
2017	44,0	39,0	41,8	49,1	41,1	30,1	42,5
2018	45,0	36,5	43,8	50,1	42,3	33,7	41,8

(1) taxa de supervivencia: cociente entre o número de empresas no ano de referencia (t) creadas cinco ano antes (t-3) e que teñen sobrevivido e o número de empresas creadas no ano t-3
(2) taxa de supervivencia: cociente entre o número de empresas no ano de referencia (t) creadas cinco ano antes (t-5) e que teñen sobrevivido e o número de empresas creadas no ano t-5
Fonte: Eurostat

Gráfico 7.- Taxa de supervivencia das empresas españolas nos cinco primeiros anos de vida 2007-2018. Distribución segundo ano de creación. Porcentaxe



Fonte: Elaboración propia a partir de Eurostat

(iv) Doing Business: elementos que favorecen ou restrinxen a actividade empresarial

Como último elemento xeral antes de centrarse na análise da demografía empresarial na Eurorrexión, cómpre facer referencia á publicación "Doing Bisiness" publicada polo Banco Mundial, onde se avalían as principais regulacións que favorecen ou restrinxen actividade empresarial. Na última edición do ano 2020, o ranking segue a estar liderado por Nova Celanda e Singapur, seguido de Hong-Kong e Dinamarca. España mantense na posición trixésima e Portugal retrocede de cinco postos para situarse na trixésimo novena posición. Tomando como referencia o inicio da crise económica de 2008, España tan só supera a Portugal nos tres últimos años analizados, rexistrándose o maior diferencial no ano 2014 cando España ocupaba o posto 52 fronte aos 31 de Portugal.

Cadro 5.- Evolución do posicionamento no ranking Doing business 2016-2020 en España e Portugal. Distribución segundo parámetros.

ESPAÑA	2016	2017	2018	2019	2020
Posición global	33	32	28	30	30
Apertura dun negocio	82	85	86	86	97
Manexo de permisos de construción	101	113	123	78	79
Obtención de Electricidade	74	78	42	48	55
Rexistro de propiedades	49	50	53	58	59
Obtención de crédito	59	62	68	73	80
Protección dos investidores minoritarios	29	32	24	30	28
Pago de taxas	60	37	34	34	35
Comercio transfronteirizo	1	1	1	1	1
Cumprimento de contratos	39	29	26	23	26
Resolución da insolvencia	25	18	19	19	18
PORTUGAL	**2016**	**2017**	**2018**	**2019**	**2020**
Posición global	23	25	29	34	39
Apertura dun negocio	13	32	48	57	63
Manexo de permisos de construción	36	35	32	60	60
Obtención de Electricidade	25	50	58	32	52
Rexistro de propiedades	27	27	28	36	35
Obtención de crédito	97	101	105	112	119
Protección dos investidores minoritarios	66	70	57	64	61
Pago de taxas	65	38	38	39	43
Comercio transfronteirizo	1	1	1	1	1
Cumprimento de contratos	20	19	19	35	38
Resolución da insolvencia	8	7	15	16	15

Fonte: Banco Mundial

A apertura dun negocio, a obtención de crédito e os problemas para a obtención de permisos de construción seguen a ser os principais escollos a superar para a economía española. Con todo, nos últimos cinco anos, mentres que a posición relativa dos dous primeiros indicadores empeora, o indicador relativo aos permisos de construción mellora significativamente, pasando do posto 101 no ano 2016 ata o 79 no último ano.

No que ao indicador de apertura dunha empresa se refire, aínda que este parámetro obtén en España un valor de 86,9 puntos, a comparación co resto de países a sitúa na posición 97 da clasificación global, trece postos por riba do acadado no ano anterior. Tendo en conta o obxectivo deste comentario, é importante mencionar que este parámetro tamén empeora en Portugal, se ben de xeito moito máis acusado que en España nos últimos anos, pasando da posición relativa número 13 no ano 2016 á 63 no último ano. Como se reflicte no cadro 6, o empresario tarda en España un total de 12,5 días en inscribir a súa sociedade, un proceso que implica un mínimo de sete procedementos e un custo mínimo do 3,9% do ingreso per cápita. Dende o comezo da crise económica de 2008, a mellora dos tres indicadores reflectidos é evidente, xa que nese ano requiríase un mínimo de 61 días e 10 procedementos para inscribir unha empresa, ascendendo o seu custo ata o 14,9% do ingreso per capita.

Cadro 6.- Facilidade para a apertura dun negocio en España e Portugal. Doing business

ESPAÑA	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Facilidade para abrir negocio Ranking	140	146	147	133	136	142	74	82	85	86	86	97
Valor indide	68,9	68,9	71,1	78,2	76,4	77,9	86,4	86,4	86,7	86,7	86,9	86,9
Procedementos (número)	10	10	10	10	11	11	7	7	7	7	7	7
Tempo (días)	61	61	52	29	30	24	14	14	13	13	12,5	12,5
Custo (% de ingreso per cápita)	14,9	15,0	15,1	4,7	5,0	5,0	4,5	4,4	4,3	4,1	4,0	3,9
PORTUGAL	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Facilidade para abrir negocio Ranking	34	60	59	26	31	32	10	13	32	48	57	63
	88,1	88,1	88,1	90,7	90,7	92,4	91,0	91,0	91,0	90,9	90,9	90,9
Procedementos (número)	6	6	6	6	6	5	6	6	6	6	6	6
Tempo (días)	7	7	7	7	7	6	6	6	6	6,5	6,5	6,5
Custo (% de ingreso per cápita)	6,5	6,4	6,5	2,3	2,3	2,4	2,3	2,2	2,1	2,1	2,0	1,9

Fonte: Banco Mundial

Se a comparación se realiza con países como Alemaña, Holanda, Francia ou Portugal, que tamén salientan polos seus ecosistemas de startups, aprécianse importantes diferenzas en termos de axilidade. Tanto nos Países Baixos como en Dinamarca o tempo que se require para a constitución dun-

ha compañía é de 3,5 días e o número mínimo de procedementos sitúase en 4 e 5, respectivamente. En Portugal, o número de días requirido é de 6,5 sendo necesario un procedemento menos que en España.

No que ao custo se refire, fronte ao devandito 3,9% de España, en Portugal o custo de completar o procedemento e iniciar a actividade sitúase no 1,9% dos ingresos per capita ou en 0,7% en Francia. Cómpre mencionar que en Alemaña o custo ascende ata o 6,5% e ata o 13,8% en Italia.

Cadro 7.- Facilidade para abrir un negocio nas principais economías europeas. Doing Business 2020.

	Apertura negocio		Tempo	Procedemento	Custo
	Puntuación	Rk	(días)	(número)	(% Ingreso pc)
Alemaña	83,7	125	8	9	6,5
Dinamarca	92,7	45	3,5	5	0,2
España	86,9	97	12,5	7	3,9
Francia	93,1	37	4	5	0,7
Irlanda	94,4	23	11	3	0,1
Italia	86,8	98	11	7	13,8
Países Baixos	94,3	24	3,5	4	4
Portugal	90,9	63	6,5	6	1,9
Reino Unido	94,6	18	4,5	4	0

Fonte: Banco Mundial

EURORREXIÓN

(i) Estrutura empresarial e evolución de empresas activas

A análise da demografía empresarial a nivel rexional europeo presenta como principais limitacións tanto a ausencia dunha desagregación sectorial como unha menor desagregación a nivel de tamaño empresarial, xa que tan só ofrece datos para empresas sen asalariados, de un a nove asalariados e dez e máis asalariados, o que implica que tan só se poden diferenciar entre microempresas e o resto do tecido empresarial (pequenas, medianas e grandes empresas).

O número de empresas activas na Eurorrexión nas actividades industriais, construción e servizos agás actividades de seguro de sociedades holding ascende no ano 2017 (último dato dispoñible) a 583.324 sociedades, das que o 36,6% corresponden a sociedades galegas e o restante 63,4% a sociedades da rexión norte de Portugal. En termos relativos, a Eurorrexión conta cun total de

141,3 sociedades por cada mil activos, situándose a densidade empresarial en 124,3 sociedades en Galicia fronte aos 153,5 no norte de Portugal. En España este indicador acada as 116,6 sociedades por cada mil activos, ascendendo ata as 168,1 sociedades en Portugal.

Neste último ano, o 62% das empresas da Eurorrexión non teñen asalariados, porcentaxe máis de seis puntos inferior ao estimado no conxunto de Portugal (68,1%) aínda que cinco puntos por riba do peso relativo en España (56,9%). Por contra, un 4,3% das empresas teñen dez ou máis asalariados fronte ao 4,1% de España e o 4% de Portugal. Como se aprecia no cadro 8, esta situación difire sensiblemente en ambas as dúas rexións, onde o 55,2% das empresas galegas non teñen asalariados fronte ao 66% no norte de Portugal, en tanto que as empresas que teñen de un a nove asalariados representan o 41,3% e 29,2%, respectivamente. Por último, o 3,4% das empresas activas consideradas teñen dez ou máis asalariados fronte ao 4,8% no norte de Portugal.

As catro provincias galegas presentan unha importancia relativa inferior á do norte de Portugal no caso das empresas de dez ou máis asalariados, onde Pontevedra é a que ten unha maior porcentaxe, co 3,7%, e Lugo e Ourense as que menos, con 2,9%. No norte portugués, cómpre resaltar Tâmega-Sousa, cun 7%; Cávado, cun 5,4%; e a área metropolitana de Porto, cun 4,4%. Do mesmo xeito, o peso relativo das empresas sen asalariados en todas as provincias galegas é inferior ao norte de Portugal.

Cadro 8.- Estrutura empresarial na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal 2017 (total empresas = 100)

	Empresas activas segundo número de asalariados 2017				Taxa de variación 2008-13				Taxa de variación 2013-17			
	0	1 a 9	10 ou máis	Total	0	1 a 9	10 ou máis	Total	0	1 a 9	10 ou máis	
España	56,9%	39,0%	4,1%	- - -	- - -	- - -	- - -	4,8%	7,5%	-0,1%	16,6%	
Portugal	68,1%	27,9%	4,0%	-16,1%	-19,3%	-6,7%	-22,7%	11,5%	14,7%	4,1%	14,3%	
Eurorrexión	62,0%	33,7%	4,3%	-9,4%	-11,0%	-4,4%	-22,8%	6,7%	9,6%	1,0%	12,3%	
Galicia	55,2%	41,3%	3,4%	-5,0%	-0,8%	-7,0%	-31,5%	2,8%	6,7%	-2,5%	9,2%	
A Coruña	56,4%	40,1%	3,5%	-4,6%	-1,5%	-6,0%	-29,7%	2,5%	5,2%	-1,4%	7,5%	
Lugo	54,0%	43,0%	2,9%	-5,3%	-2,6%	-6,1%	-31,6%	2,3%	6,5%	-3,0%	10,8%	
Ourense	55,1%	42,0%	2,9%	-3,8%	-2,7%	-3,2%	-27,4%	1,5%	3,9%	-2,0%	11,4%	
Pontevedra	54,4%	41,9%	3,7%	-5,6%	1,4%	-9,6%	-34,5%	3,6%	9,7%	-3,8%	10,3%	
Norte Portugal	66,0%	29,2%	4,8%	-11,9%	-15,4%	-2,0%	-18,3%	8,0%	11,0%	4,1%	13,6%	
Alto Minho	68,5%	27,7%	3,8%	-7,5%	-9,4%	-0,9%	-18,8%	7,1%	8,3%	3,5%	13,7%	
Cávado	65,9%	28,8%	5,4%	-8,6%	-12,1%	1,7%	-16,8%	11,2%	13,5%	5,8%	13,3%	
Ave	62,0%	31,5%	6,6%	-9,6%	-13,3%	-0,7%	-14,2%	10,1%	12,5%	5,4%	11,9%	
A. Metrop. Porto	66,9%	28,7%	4,4%	-13,7%	-17,2%	-4,0%	-19,1%	10,4%	13,0%	4,2%	14,4%	
Alto Tâmega	69,0%	28,1%	2,9%	-13,3%	-17,9%	1,1%	-14,5%	2,3%	1,2%	3,7%	14,9%	
Tâmega e Sousa	63,1%	29,9%	7,0%	-8,8%	-11,4%	0,8%	-21,7%	9,9%	12,0%	4,9%	14,1%	
Douro	66,8%	30,4%	2,8%	-12,7%	-16,8%	-1,4%	-17,8%	-1,3%	-1,9%	-0,6%	5,9%	
Trás-os-Montes	64,9%	32,4%	2,6%	-15,6%	-21,9%	1,7%	-11,9%	-4,9%	-7,1%	-1,5%	12,6%	

Se se considera o emprego nas distintas empresas e a súa distribución segundo o tamaño, o 54,3% das persoas empregadas nas empresas activas da Eurorrexión o están en empresas de dez ou máis asalariados (4,3% das empresas), porcentaxe sensiblemente inferior ao experimentado no conxunto de España (59,1%) e Portugal (56,8%). Por contra, as empresas sen asalariados concentran o 18,4% do emprego da Eurorrexión, porcentaxe máis de dous puntos inferior ao de Portugal (20,6%) aínda que máis de seis puntos superior ao de España (13,8%).

Ao igual que se mencionaba na análise das empresas activas, existen importantes diferenzas entre as dúas rexións. Cómpre mencionar o menor peso relativo en Galicia do emprego nas empresas sen asalariados e nas de dez ou más asalariados, que concentran o 16,2% e 51% do emprego galego, respectivamente, situándose estas porcentaxes no 19,7% e 56,2% no norte de Portugal. O restante 32,9% das persoas empregadas en Galicia o están nas empresas de un a nove asalariados cando no norte de Portugal a súa importancia relativa é do 24,1%.

En Galicia a provincia da Coruña presenta a maior concentración de persoas empregadas en empresas de dez ou más asalariados, ao acoller o 56,8% dos empregados nas empresas coruñesas en 2017, prestando unha porcentaxe superior tan só as empresas de Tâmega-Sousa e a área metropolitana de Porto, cun 60,3% e 57,9%, respectivamente. No extremo oposto, as empresas que presentan unha maior importancia relativa do emprego en empresas galegas sen asalariados son Lugo e Ourense (19,9% e 19,2%, respectivamente), superando esta porcentaxe o 30% en Douro, Alto Tâmega e Trás-os-Montes.

No que a análise dende un punto de vista dinámico se refire, o impacto da crise económica de 2008 explica a caída do número de empresas activas na Eurorrexión, ao igual que no conxunto de España e Portugal, se ben a caída é moito máis acusada na rexión norte de Portugal que en Galicia. Coa recuperación económica, aumenta o número de empresas activas, se ben non se recupera en ningún caso o nivel precrise. Entre os anos 2008 e 2013 o número de empresas activas descende un 5% en Galicia fronte ao 11,9% no norte de Portugal. Coa recuperación económica, as empresas activas aumentan un 2,7% en Galicia e un 8% na rexión portuguesa.

Se se considera o comportamento nas distintas rexións NUTS3, en Galicia cómpre mencionar a caída do 5,6% das empresas activas de Pontevedra no período 2008-13 e do 5,3% de Lugo, mentres que en Portugal, estes descensos foron do 15,6% en Trás-os-Montes, e superior ao 13% na área metropolitana de Porto e Alto Tâmega. Por contra, coa recuperación económica, entre 2013 e 2017 o número de empresas medra un 3,6% en Pontevedra, destacando na rexión norte de Portugal a medra superior ao 13% no caso de Cávado e a Área Metropolitana de Porto.

Gráfico 8.- Evolución do número de empresas activas na Eurorrexión 2008-2017. (base 2008 =100)



Fonte: Eurostat

Atendendo á desagregación segundo tamaño empresarial, o gráfico 9 reflicte a desigual evolución en ambas as dúas rexións. Para o conxunto da Eurorrexión os tres grupos de empresas analizados presentan en 2017 un nivel empresarial inferior ao existente ao comezo da crise de 2008, salientando a caída do 13,3% no caso das empresas de 10 ou máis traballadores, cando no caso das empresas sen asalariados este descenso é tan só do 2,5% (3,4% entre as que teñen de un a nove asalariados). En Galicia, o número de empresas activas sen asalariados en 2017 son un 5,8% superior ao acadado en 2008, reducíndose un 9,4% as empresas de un a nove asalariados. Por contra no norte de Portugal o número de empresas activas de un a nove asalariados é superior ao de 2008 nos últimos tres anos (2% no ano 2017), sendo a caída do 7,2% entre as empresas de dez ou máis asalariados cando en Galicia este descenso é do 25,2%.

A crise económica provoca unha redución do número de empresas activas tanto en Galicia como no norte de Portugal nos tres grupos de empresas consideradas, salientando o descendo do 31,5% entre 2008 e 2013 no caso das empresas galegas de dez ou máis asalariados (-18,3% no norte de Portugal) e no número de empresas sen asalariados na rexión portuguesa (-0,8% en Galicia). Coa recuperación económica o incremento do número de empresas

Gráfico 9.- Evolución do número de empresas activas 2008-2017. Base 2008=100



Fonte: Eurostat

activas rexístrase en Galicia como no norte de Portugal entre as empresas de dez ou máis asalariados e nas empresas sen asalariados, presentando en ambos os dous casos un mellor comportamento a rexión portuguesa. No caso das empresas que teñen entre un e nove asalariados, Galicia presenta unha redución do 2,5% entre os anos 2017 e 2013 (descenden nas catro provincias galegas), o que contrasta coa medra do 4,1% no norte de Portugal.

No que ao persoal empregado nas empresas activas da Eurorrexión se refire, a ocupación en 2017 é inferior á rexistrada no ano 2008 nos tres grandes grupos de empresas considerados. A caída menos acusada rexístrase entre as empresas de dez e máis asalariados, un 3,4% menos de traballadores, sendo o descenso máis acusado o das empresas de un a nove asalariados (6,7%). Cómpre destacar as importantes diferenzas entre Galicia e o Norte de Portugal. Na Comunidade Autónoma galega as empresas sen asalariados manteñen niveis superiores ás do ano 2008 ao longo de toda a serie analizada, situándose esta medra no 3,5% no ano 2017 respecto ao 2008. No norte de Portugal, a caída se produce nos tres niveis empresariais considerados, sendo a caída de tan só o 0,5% en 2017 respecto ao 2008 no caso das empresas de dez ou máis asalariados, e do 1,6% no daquelas que teñen de un a nove asalariados.

Atendendo á evolución da ocupación desde o ano 2008, no período de crise económica o persoal empregado redúcese un 13,7% na Eurorrexión, influenciado por un descenso do 13,2% en Galicia e do 14% no norte de Portugal. A provincia galega que presenta o maior impacto en termos de emprego foi Pontevedra, cunha redución do 20,8% entres os anos 2013 e 2008, sendo esta caída superior á experimentada polas rexións (NUTS3) portuguesas. Atendendo á distribución segundo tamaño empresarial, a caída máis importante prodúcese no caso das empresas de dez ou máis asalariados, cunha caída do 16,4%, sendo esta máis importante en Galicia que no norte de Portugal (17,6% e 15,7%, respectivamente). Cómpre mencionar que o emprego nas denominadas empresas sen asalariados medra en Galicia un 0,8% nese período de tempo o que contrasta coa redución do 16,8% no norte de Portugal. Entre estas empresas, o emprego medra un 3,2% en Pontevedra, manténdose estable en A Coruña.

Coa recuperación económica o emprego medra un 10,6% na Eurorrexión, presentando unha medra do 15,5% o emprego nas empresas de dez ou máis asalariados, fronte ao 7,5% nas empresas sen asalariados e do 3,7% entre as empresas de un a nove asalariados. O emprego medra tanto en Galicia como no norte de Portugal nos tres grupos de empresas, sendo máis acusado no norte portugués.

Gráfico 10.- Persoas empregadas nas empresas activas da Eurorrexión 2008-2017. Distribución segundo número de asalariados



Fonte: Eurostat

Cadro 9.- Estrutura empresarial na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal 2017. Persoal empregado (total empresas = 100)

	Persoal empregado Estrutura (total=100)			Taxa de variación 08-13				Taxa de variación 13-17			
	0	1 a 9	10 ou máis	Total	0	1 a 9	10 ou máis	Total	0	1 a 9	10 ou máis
España	13,8%	27,1%	59,1%					11,0%	3,5%	3,2%	17,0%
Portugal	20,6%	22,6%	56,8%	-16,3%	-20,2%	-12,6%	-16,3%	14,1%	13,9%	6,0%	17,7%
Eurorrexión	18,4%	24,3%	54,3%	-13,7%	-11,6%	-10,0%	-16,4%	10,6%	7,5%	3,7%	15,5%
Galicia	16,2%	32,9%	51,0%	-13,2%	80,0%	-12,4%	-17,6%	5,9%	2,8%	20,0%	11,1%
A Coruña	14,6%	28,6%	56,8%	-8,4%	0,0%	-11,3%	-9,0%	5,3%	40,0%	1,5%	8,8%
Lugo	19,9%	42,2%	37,9%	-13,3%	-0,8%	-10,8%	-22,5%	8,4%	4,0%	-1,2%	24,6%
Ourense	19,2%	38,7%	42,2%	-5,2%	-1,2%	-8,0%	-4,3%	2,8%	-0,4%	0,5%	6,6%
Pontevedra	16,3%	34,2%	49,5%	-20,8%	3,2%	-15,5%	-30,0%	7,0%	6,5%	0,8%	13,4%
Norte Portugal	19,7%	24,1%	56,2%	-14,0%	-16,8%	-7,8%	-15,7%	13,5%	10,0%	6,7%	18,0%
Alto Minho	25,2%	28,2%	46,5%	-10,7%	-11,0%	-5,0%	-14,0%	12,3%	7,3%	4,7%	20,6%
Cávado	19,4%	25,0%	55,7%	-12,0%	-14,0%	-4,2%	-14,8%	18,7%	12,3%	8,7%	26,4%
Ave	15,6%	23,2%	61,2%		-16,6%	-7,9%			11,1%	8,2%	
A. Metrop. Porto	19,6%	22,5%	57,9%	-15,5%	-18,0%	-10,1%	-16,7%	13,7%	12,2%	6,6%	17,2%
Alto Tâmega	31,4%	34,6%	34,0%		-19,5%	-1,7%			0,0%	5,0%	
Tâmega e Sousa	16,5%	23,2%	60,3%		-13,9%	-4,9%			10,6%	7,6%	
Douro	30,5%	37,6%	32,4%	-11,4%	-18,1%	-5,1%	-11,1%	2,9%	-2,3%	3,9%	7,0%
Trás-os-Montes	31,1%	40,0%	28,9%		-23,1%	-4,0%			-7,8%	-0,2%	

Fonte: Eurostat

ii) Fluxos de entrada e saída empresarial

No que á creación de empresas se refire, no ano 2017 creáronse un total de 69.948 empresas industriais, de construción e servizos agás actividades de seguros de holdings empresariais, 524 menos que no ano anterior. O 24,5% destas novas empresas creáronse en Galicia, o que supón a porcentaxe máis reducida dende o ano 2009 (30,5% no 2014). O devandito descenso na creación de empresas na Eurorrexión (-0,7%) ven motivado pola caída experimentada en Galicia, con 2.250 empresas activas creadas menos que no ano anterior (-12,8%), o que contrasta co incremento en 2.026 novas empresas experimentado no norte de Portugal (4%).

Ao mesmo tempo, no ano 2016 (último dato publicado en Eurostat) a destrución de emrpesas aumentou ata as 64.410, o que supón un incremento de 7.123 empresas respecto ao ano anterior, un 12,4% menos. Este nivel de destrución de empresas tan só é superior ao do ano anterior, sendo loxicamente máis elevado no período da crise económica. A diferenza do acontecido no proceso de creación de empresas, a mortalidade empresarial prodúcese tanto en Galicia

Gráfico 11.- Entradas e saídas empresariais na Eurorrexión 2008-2017. Distribución segundo tamaño empresarial



Fonte: Eurostat

como na rexión norte de Portugal, sendo lixeiramente máis acusada na rexión portuguesa (12,6%; 5.123 empresas en Portugal e 12%; 1.990 en Galicia).

Atendendo á devandita evolución, no ano 2016 o saldo neto é positivo, o que contrasta co saldo negativo nos anos anteriores. En 2016 creáronse 6.062 empresas máis que as que desapareceron, producíndose este saldo neto positivo tanto en Galicia como no norte de Portugal (1.298 e 4.764 sociedades, respectivamente). Como se aprecia no gráfico 11, este saldo é negativo entre o ano 2008 e 2013 en ambos os dous territorios.

Se se considera todo o período 2008-2017, o gráfico 12 amosa que os fluxos de entrada nos dous últimos anos da serie son superiores aos rexistrados no ano 2008 tanto para o conxunto do tecido produtivo como para o caso das empresas sen asalariados (1,7% e 4,1% superiores en 2017). Como non podía ser doutro xeito, descende considerablemente o número de empresas de dez ou máis asalariados, de maneira que en 2017 o número de empresas creadas é un 45,2% do rexistrado en 2008.

Esta evolución presenta certas diferenzas entre as dúas rexións. Cómpre mencionar o importante crecemento do número de novas empresas en Galicia, que dende o ano 2010 se sitúa por riba do rexistrado no ano 2008 por mor do comportamento das empresas novas sen asalariados. Por contra, o número de empresas creadas na rexión norte de Portugal mantense sempre por baixo do rexistrado en 2008, situándose no último ano un 1,3% por baixo. O mellor comportamento relativo rexístrase no caso das empresas de un a nove asalariados no período 2011-2015, se ben nos dous últimos anos considerados a creación de empresas sitúase en torno ao 8-9% inferior ao de 2008.

No caso do proceso de destrución empresarial, o número de empresas que desapareceron na Eurorrexión en 2016 é inferior ao rexistrado en 2008 nos tres grupos de empresas analizadas. No último ano desapareceron un total 51.887 empresas sen asalariados fronte ás 55.669 do ano 2008, o que supón unha redución do 6,8%. Esta caída porcentual é significativamente máis elevada no caso das empresas de dez ou máis asalariados, cun 43,3% (338 sociedades menos) e do 20% no das empresas de un a nove asalariados (3.005 empresas). Comparando a evolución seguida en Galicia e o norte de Portugal, cómpre resaltar o incremento do 33,9% experimentado en Galicia no caso das empresas sen asalariados fronte ao descenso superior ao 15% no norte de Portugal. Asemade, mantense o nivel de destrución de empresas de dez ou máis asalariados en Galicia (108 sociedades menos en cada un deses anos), fronte á redución do 49,6% na rexión norte de Portugal (388 sociedades destruídas menos en 2016 que en 2008).

Gráfico 12.- Evolución do número de empresas creadas na Eurorrexión 2008-2017. Distribución segundo tamaño empresarial. Base 2008=100



Fonte: Eurostat

No último ano dos que se dispoñen de datos, oito de cada dez empresas que desapareceron foron empresas sen asalariados, fronte ao 18,7% no caso das empresas de 1 a 9 asalariados e o 0,8% das empresas de dez ou máis asalariados. Esta estrutura é sensiblemente diferente en Galicia e o norte de Portugal, destacando que na rexión portuguesa o 85,2% das empresas que desapareceron son empresas sen asalariados fronte ao 69,1% de Galicia, mentres que no caso das empresas de un a nove asalariados estas porcentaxes ascenderon ata o 14% e 30,3%, respectivamente.

En termos relativos, a taxa de entrada ou creación de empresas reflicte que o número de empresas creadas no ano 2017 (último dato dispoñible) representa o 11,99% das empresas activas ese mesmo ano, cifra inferior á rexistrada nos anos 2016 e 2014, se ben superior ao rexistrado no período da crise económica. No caso do fluxo de saída ou mortalidade empresarial, en 2016 desapareceron o 11,26% das empresas activas nese mesmo ano, sendo esta taxa inferior á taxa da creación empresarial a diferenza do acontecido entre 2008 e 2014.

Gráfico 13.- Taxa de creación e mortalidade empresarial na Eurorrexión 2008-2017



Tanto as taxas de creación como de saída empresarial presentan en Galicia e no norte de Portugal valores moi desiguais, sendo significativamente máis elevada na rexión portuguesa. O gráfico 14 amosa que a taxa de nacemento de empresas no norte de Portugal é do 14,24% no ano 2017, máis de seis puntos por riba do estimado para Galicia, en tanto que a taxa de mortalidade

é de 12,86% fronte ao 8,62% da Comunidade Autónoma. A taxa de creación empresarial é similar á dos últimos tres anos na rexión portuguesa, ao contrario do acontecido en Galicia, cuxa taxa en 2017 é máis dun punto inferior á do ano anterior e punto e medio inferior á do ano 2014.

Gráfico 14. Taxa de creación e mortalidade empresarial en Galicia e norte de Portugal 2008-2017



Atendendo á desagregación segundo rexións NUTS3, o cadro 10 amosa que en Galicia Pontevedra presenta a taxa de creación empresarial máis elevada, con 8,54%, mentres que en Lugo descende ata o 6,88%, sendo esta última provincia a única que presenta un valor inferior á do ano 2008. No caso de Portugal, todas as rexións presentan un valor superior ao 12%, destacando a área metropolitana de Porto, cunha taxa de creación empresarial do 15,1%. No que ás taxas de saída empresarial, A Coruña presenta unha taxa de 9,18%, case dous puntos por riba do acadado en 2008, rexistrándose a máis reducida en Lugo, con 7,08% (7,47% no ano 2008). No norte de Portugal, a área metropolitana de Porto é a que ten a taxa máis elevada, con 13,58% (14,85 ao comezo da crise económica).

A taxa de rotación, definida como a suma das taxas de entrada e saída empresarial, ascende na Eurorrexión ata o 23,59% no ano 2016, máis de catro puntos por riba do acadado en España (29,64% en Portugal), sendo esta porcentaxe superior á de 2008. Cómpre insistir nas diferenzas entre as dúas rexións analizadas, ascendendo a taxa

Cadro 10.- Taxa de creación e mortalidade empresarial na Eurorrexión. Desagregación segundo NUTS 3

	Taxa de creación empresarial			Taxa de mortalidade empresarial			Taxa de rotación empresarial		
	2008	2013	2017	2008	2013	2016	2008	2013	2016
España		8,59%	9,38%		9,33%	8,88%		17,92%	19,16%
Portugal	14,66%	14,30%	15,63%	14,18%	16,19%	14,19%	28,84%	30,49%	29,64%
Eurorrexión	11,40%	11,72%	11,99%	11,86%	12,60%	11,26%	23,26%	24,32%	23,59%
Galicia	7,06%	8,03%	8,10%	7,79%	8,49%	8,62%	14,85%	16,52%	17,84%
A Coruña	7,08%	8,02%	8,17%	7,37%	8,31%	9,18%	14,45%	16,33%	18,63%
Lugo	6,91%	6,86%	6,88%	7,47%	7,82%	7,08%	14,38%	14,68%	14,93%
Ourense	6,70%	7,88%	7,83%	8,05%	8,01%	8,61%	14,75%	15,89%	17,56%
Pontevedra	7,20%	8,50%	8,54%	8,31%	9,15%	8,48%	15,51%	17,65%	17,99%
Norte Portugal	13,87%	13,99%	14,24%	14,18%	15,12%	12,86%	28,05%	29,11%	27,06%
Alto Minho	12,36%	13,38%	12,94%	12,45%	14,40%	12,19%	24,81%	27,78%	25,29%
Cávado	13,72%	13,91%	13,86%	13,66%	14,89%	12,04%	27,38%	28,80%	26,13%
Ave	14,01%	13,30%	12,89%	14,11%	14,01%	11,87%	28,12%	27,31%	25,43%
A. Metrop. Porto	14,48%	13,95%	15,10%	14,85%	15,55%	13,58%	29,33%	29,50%	28,42%
Alto Tâmega	12,24%	14,88%	12,15%	13,52%	14,99%	11,87%	25,76%	29,87%	24,34%
Tâmega e Sousa	12,87%	13,59%	13,63%	13,15%	14,08%	11,69%	26,02%	27,67%	25,18%
Douro	12,94%	16,29%	12,99%	13,44%	15,57%	12,84%	26,38%	31,86%	26,23%
Trás-os-Montes	11,84%	16,10%	13,03%	12,73%	16,61%	11,26%	24,57%	32,71%	24,89%

Fonte: Eurostat

de rotación ata o 17,87% en Galicia e o 27,06% no norte de Portugal. Comparado coa situación ao comezo da crise económica, a Comunidade galega presenta unha medra de case tres puntos porcentuais (14,85% en 2008) o que contrasta co descenso no norte de Portugal (28,05%).

Entre as distintas rexións (NUTS3), en Galicia é a provincia de A Coruña a que presenta o maior dinamismo ao situarse a taxa de rotación no 18,63% no último ano considerado, máis de catro puntos por riba do estimado en 2008, situándose a máis reducida en Lugo, co 14,93%, cinco décimas por riba da acadada ao comezo da crise económica. No norte de Portugal a taxa de rotación de empresas ascende ata o 28,42% na área metropolitana de Porto cando no ano 2008 era de 29,33%.

Para rematar, cómpre facer referencia á taxa de supervivencia empresarial definida como a porcentaxe de empresas no ano de referencia que foran creadas tres anos antes (t-3) respecto ao número total de empresas creadas no ano t-3. Como reflicte o cadro 11, na Comunidade Autónoma galega sobrevivían no ano 2017 o 56,84% das

Cadro 11.- Taxa de supervivencia e peso relativo de empresas con tres anos de vida 2015-2017.

	Taxa de supervivencia (1) (%)			Empresas de 3 anos de idade (% sobre o total)		
	2015 (2)	2016	2017	2015 (2)	2016	2017
España	52,47	55,40	53,54	4,40	4,56	5,20
Portugal	41,39	45,39	45,15	5,03	6,07	5,96
Eurorrexión						
Galicia	57,60	57,97	56,84	4,49	4,49	5,34
A Coruña	58,52	57,35	56,49	4,53	4,43	5,27
Lugo	60,43	63,82	61,57	4,20	4,27	5,03
Ourense	60,52	57,42	57,04	4,55	4,41	5,08
Pontevedra	54,82	57,15	55,83	4,54	4,68	5,63
Norte Portugal	45,28	49,24	49,08	5,34	6,55	6,10
Alto Minho	47,30	52,23	48,91	5,22	6,73	5,83
Cávado	46,92	51,44	51,42	5,44	6,69	6,31
Ave	49,15	52,91	54,26	5,92	6,57	6,43
A. Metrop. Porto	43,72	46,40	46,61	5,30	6,10	5,95
Alto Tâmega	44,26	52,94	51,97	4,55	7,86	6,09
Tâmega e Sousa	49,31	52,58	55,41	5,48	6,75	6,64
Douro	43,43	52,75	47,46	4,86	8,91	5,82
Trás-os-Montes	39,20	52,51	49,27	4,38	9,13	5,87

(1) Número de empresas no ano de referencia creadas tres anos antes (t-3) dividido polo número total de empresas creadas no ano t-3. Porcentaxe
(2) Os datos de España e Galicia corresponden ao ano 2014
Fonte: Eurostat

empresas creadas no ano 2014, porcentaxe inferior ao estimado en 2016, sendo esta porcentaxe superior á acadada tanto en Portugal (45,15%) como en España (53,54%). Todas as provincias galegas presentan unha taxa de supervivencia superior ao acadado nas rexións (NUTS3) do norte de Portugal, salientando Lugo, cunha taxa do 61,57%, que supera a Ourense, co 57,04%. No norte de Portugal a área metropolitana de Porto presenta as taxas máis reducidas, co 46,6% no ano 2017 (43,72% no ano 2015).

Respecto ao peso relativo das empresas de tres anos no total de empresas activas, cómpre resaltar o incremento experimentado tanto en Galicia como no norte de Portugal, se ben esta importancia relativa é superior no territorio portugués dende o ano 2011 (datos publicados en Eurostat). Tras o importante aumento no ano 2017, o 5,34% das empresas galegas teñen tres anos fronte ao 6,10% no norte de Portugal, sendo este diferencial o máis reducido dende 2011 (2,06 puntos porcentuais no ano anterior).

CONCLUSIÓNS

1. A análise da estrutura e a demografía empresarial ten un papel relevante á hora de definir e comparar políticas económicas tendo en conta a importancia do tecido empresarial na creación de emprego, a capacidade innovadora e o crecemento económico dun territorio. Partindo dunha breve reflexión sobre a estrutura empresarial, o obxectivo deste comentario é o fluxo de entrada e saída de empresas -creación, desaparición, probabilidade de supervivencia...- na Eurorrexión norte de Portugal. A primeira conclusión que hai que mencionar é que se ben existen fontes estatísticas nacionais e internacionais para afondar nesta análise a nivel de países, os problemas xorden cando se profundiza a nivel rexional, xa que non sempre existe a desagregación desexada. Avanzar nas políticas de impulso da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal require ter información precisa sobre os seus principais aspectos socioeconómicos, polo que cómpre insistir na importante e xeralizada carencia de datos rexionalizados de Portugal. Por este motivo, e a pesar das limitacións mencionadas no texto, empréganse fundamentalmente datos publicados por Eurostat, o que permite unha análise homoxénea entre ambos territorios.

2. Como consideración xeral cómpre resaltar que a Eurorrexión, ao igual que as principais economías europeas,

caracterízase polo seu reducido tamaño empresarial e o comportamento fortemente procíclico da creación empresarial. A pesar da importancia das microempresas nunha economía (empresas de menos de dez asalariados), cómpre insistir novamente na importancia de favorecer o incremento do tamaño empresarial xa que as grandes empresas (máis de 250 asalariados) son as que xeran un maior porcentaxe de emprego e maior valor engadido. Canto maior sexa o número destas empresas maior será a competitividade e a produtividade dun territorio, o que lle facilita un mellor posicionamento fronte aos retos da innovación, dixitalización e internacionalización.

3. Centrándonos no caso concreto do tecido empresarial da Eurorrexión, o 62% das empresas analizadas non teñen asalariados e tan só un 4,3% ten dez ou más asalariados (o 95,7% son microempresas). Asemade, estas empresas de dez ou máis asalariados concentran máis do 54% do emprego nas empresas activas. No conxunto de España as empresas sen asalariados representan o 56,9% das empresas activas analizadas fronte ao 68,1% no caso de Portugal, presentan unha porcentaxe similar no caso das empresas de dez ou máis asalariados (4,1% e 4%, respectivamente). No que ao persoal empregado se refire, estas últimas empresas concentran o 59,1% do emprego total, porcentaxe lixeiramente superior ao rexistrado en Portugal, que acada o 56,8%.

4. No eido da estrutura empresarial cómpre resaltar que existen importantes diferenzas entre Galicia e o Norte de Portugal. O 55,2% das empresas galegas non teñen asalariados fronte ao 66% no norte de Portugal, en tanto que o 3,4% das empresas activas consideradas teñen dez ou máis asalariados fronte ao 4,8% no norte de Portugal. As catro provincias galegas presentan unha importancia relativa inferior á do norte de Portugal no caso das empresas de dez ou máis asalariados, onde Pontevedra é a que ten unha maior porcentaxe, co 3,7%, e Lugo e Ourense as que menos, con 2,9%. En Portugal, na rexión de Tâmega-Sousa representa o 7%; en Cávado, un 5,4%; en a área metropolitana de Porto, un 4,4%. Asemade, o peso relativo das empresas sen asalariados en todas as provincias galegas é inferior ao norte de Portugal.

5. No que ao comportamento procíclio se refire, entre os anos 2008-13 o número de empresas activas na Eurorrexión redúcese un 9,4% sendo esta caída superior en Portugal que en Galicia (11,9% e 5%, respectivamente). Coa recuperación económica, o número de empresas aumenta un 6,7% na Eurorrexión, sendo este incremento inferior ao do conxunto de Portugal (11,5%) aínda que

superior ao experimentado en España (4,8%). Neste período, o norte de Portugal presenta un mellor comportamento que Galicia ao medrar o número de empresas un 9% e 2,8%, respectivamente. Con todo, coa recuperación económica non se recupera o nivel precrise en ningún dos casos.

6. As taxas de entrada e saída empresarial na Eurorrexión son dunha magnitude significativamente superior á rexistrada en países como Francia, Alemaña ou España, se ben existen novamente importantes diferenzas entre Galicia e o Norte de Portugal. As taxas de creación de empresas situábase en torno ao 12% entre 2014 e 2017 (último dato dispoñible) en tanto que a taxa de mortalidade, a pesar do seu descenso, acadaba o 11,3% no ano 2016. Así, a taxa de rotación empresarial superaba neste último ano o 23,5%, o que pon de manifesto unha significativa turbulencia empresarial se se compara cos devanditos tres países europeos, onde este valor oscila entre os 15,7% e 17,7%.

Mentes que na rexión norte de Portugal a taxa de rotación supera o 27% no ano 2016, en Galicia esta porcentaxe supera lixeiramente o 17,8%. Este diferencial entre ambos os dous territorios ven explicado tanto pola menor taxa de entrada como de saída, que no caso galego sitúase no 9,2% e 8,6%, respectivamente, en que no norte de Portugal ascende a 14,2% e 12,8%, respectivamente.

7. Vencellado á taxa de creación de empresas, os datos recollidos na publicación Doing Business correspondente ao ano 2020 do Banco Mundial reflicten que España mantense no posto trixésimo de 190 países analizados no que á facilidade para emprender negocios se refire, retrocedendo cinco postos no caso de Portugal, que se sitúa na trixésimo novena posición. Atendendo á evolución deste indicador dende o comezo da crise. Cómpre resaltar que España supera a Portugal tan só nos últimos tres anos analizados, rexistrándose o maior diferencial entre ambos os dous países no ano 2014. A apertura dun negocio, a obtención de crédito e os problemas para a obtención de permisos de construción seguen a ser os principais escollos a superar para a economía española.

No caso concreto da apertura dun negocio, este indicador empeora no último ano tanto en España como en Portugal, acadando o posto 97 e 63, respectivamente. En relación ao ano anterior, cómpre indicar o maior retroceso experimentado no caso español, que no ano anterior ocupaba o posto 86 neste ranking fronte ao 57 en Portugal- Non obstante, se a comparación se realiza cos situación ao comezo da recuperación económica, Portugal experimenta un acusado retroceso xa que en 2015 ocupaba o posto 13 fronte ao 82 ocupado por España. A pesar da mellora existente, un empresario tarda en España un total de 12,5 días en inscribir a súa

sociedade, seis máis que en Portugal, implicando este proceso un mínimo de sete procedementos (seis en Portugal) e un custo mínimo do 3,9% do ingreso per cápita (1,9%).

8. Por último cómpre resaltar que a taxa de supervivencia aos tres anos de vida. No ano 2017 o 56,8% das empresas galegas creadas no ano 2014 seguían vivas, sendo esta porcentaxe superior ao acadado tanto en Portugal (45,15%) como en España (53,54%). É importante destacar que todas as provincias galegas presentan unha taxa de supervivencia superior á acadada nas rexións (NUTS3) do norte de Portugal, salientando Lugo, cunha taxa do 61,6%, que supera a Ourense, co 57%. No norte de Portugal a área metropolitana de Porto presenta as taxas máis reducidas, co 46,6% no ano 2017. Non obstante, no concernente á evolución nos últimos tres anos cabe mencionar que fronte ao incremento experimentado no norte de Portugal (45,3% no ano 2015) Galicia presenta un descenso desta indicador, que en 2014 se situaba no 57,6%.

O peso relativo das empresas de tres anos no total de empresas activas aumenta tanto en Galicia como no norte de Portugal, se ben esta importancia relativa é superior no territorio portugués dende o ano 2011 (datos publicados en Eurostat). En 2017 o 5,34% das empresas galegas teñen tres anos fronte ao 6,10% no norte de Portugal, sendo este diferencial o máis reducido dende 2011 (2,06 puntos porcentuais no ano anterior).

BIBLIOGRAFÍA

Banco Mundial (varios años). "Doing Business". Dispoñible en https://www.doingbusiness.org

Comisión Europea (2003). "Recomendación 2003/361/CE de 6 de mayo de 2003 sobre la definición de microempresas, pequeñas y medianas empresas". Dispoñible en https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:32003H0361&from=ES

Comisión Europea (2020). "Guía del usuario sobre la definición del concepto de pyme". Dispoñible en https://ec.europa.eu/docsroom/documents/42921

Crecente, F.; Martos,E; Rivera, L. (2014) "Análisis de la demografía empresarial de las regiones españolas: Evolución y fuentes". Dispoñible en https://www.researchgate.net/publication/269277570_Analisis_de_la_demografia_empresarial_de_las_regiones_espanolas_Evolucion_y_fuentes

Fariñas, J.C.; Huergo, E (2015). "Demografía empresarial en España: tendencias y regularidades". Fedea, Estudios sobre la Economía Española – 2015/24.

García, P. (2020) "Análisis de la demografía empresarial en España a comienzos de 2019". Banco de España, Notas Económicas Boletín Económico 2/2020. Disñoñible en https://www.bde.es/bde/es/secciones/informes/boletines/Boletin_economic/

www.foroeconomicodegalicia.es

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.

SOCIOS

//ABANCA	ASOCIACION GALLEGA DE LA EMPRESA FAMILIAR	Casal de Armán
civisglobal construimos entorno	COREN	CRTVG CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA
Domusvi Cuidamos personas en buena compañía	Galuresa Algo más que gasolineras	HA Hierros AÑÓN, S.A.
HIJOS DE RIVERA, S.L. CORPORACIÓN	JEALSA	MEGASA
Naturgy	Grupo Nogar	PÉREZ RUMBAO
ReVi	Rodiñas	Rodman
CONSORCIO ZONA FRANCA VIGO	Grupo de investigación GEN Universidade Vigo	



//ABANCA

Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

IV / 2020

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es